

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 90 * DO 18 AO 24 DE XANEIRO DE 1980 * 40 Pesetas

CARCESA:
QUER GANAR O XUBILEO DA XUNTA?

SUAREZ NUÑEZ,
RECTOR DE UNIVERSIDADE

OURENSE: ARREDOR DA CAIXA

GRUPO ALVAREZ:
O INI DA CABO DOUTRO
SECTOR INDUSTRIAL

E:
CARTA ENTREABERTA
CINE
MUSICA
DEPORTES ...




MAR: RESTRICCIÓN DE LICENCIAS NA CEE
A VERDADE SOBOR DO CONFLICTO NO PORTO DA CORUÑA



A LA CARGA!

"No necesitamos, gracias a Dios, que los comunistas nos perdonen. Cuando se logre lo mismo con la ETA, con los separatistas, con los huelguistas, con los atacadores y con los perturbadores profesionales de cualquier lana las perspectivas habrán comenzado a aclararse".

Non, non se trata do enardecido e trasnoitado discurso imperial de Blas Piñar. E a gloriosa última páxina de don Augusto no seu diario, esta vez cheo de bons consellos morais. ("La Voz de Galicia" martes 15 de xaneiro).



MILAGRO! MITA GALEGO-MITA ESPAÑOL

"El presidente Suárez es un cincuenta por ciento gallego y tiene un especialísimo amor a Galicia".

Pois podía dirixir cara outro lado os seus amores... anque pensando de quen ven a frase hastra se pode non creer. Ven do seu delegado na Xunta, señor Quiroga, e soltouna no transcurso doutra comida a xornalistas, desas que tanto prodiga nos derradeiros tempos.



UNA, UNA, UNA!


"Mucha gente se está olvidando de una palabra tan importante como España; a este país debemos volver a llamarlo España ya que la unidad es necesaria...".

Agora o repetitivo é Felipe González. Vaia consigna! "España lo único importante". ("El Ideal Gallego", martes 15 de xaneiro).



PAVERADAS

"El sindicalismo agrario no tiene excesivo arraigo en Galicia" dixolles aos "labregos" alemans que lle viñeron dar unhas cantas recomendacións de cara ao que nos han comer no Mercado Común o conselleiro agrícola da Xunta. ¿Creerao?




O VENDAVAL QUE PON MEDO

O articulista de turno do semanario español "Cambio 16" escribía non hai muito que si os demais obtiveran o que a Galicia, según el, se lle negou...

"Veremos crecer como la espuma el descontento de los gallegos y desencadenarse un vendaval nacionalista... en una zona de España donde el nacionalismo ha sido hasta ahora un fenómeno minoritario".

Tanta preocupación dá para desconfiar...



RENOVE A SUA SUSCRIPCION

Renove a sua subscripción tan pronto chegue o reembolso así evitamos novos gastos de envío.

O novo precio sera de 40 pesetas, a suscripción anual de 2.000 e a semestral a 1.000 pesetas, precio que por agora non afectará aos cobros pendentes.

A NOSATERRA

Rua da Troia, 10-Primeiro - Teléfono 981-582613

Apartado 1.031 - SANTIAGO

O Núm. da nosa conta no Banco Pastor de Santiago: 106.735

XOSE LOIS G.



A adecuación empresarial a Europa e ao mercado internacional ten, dende xa, no noso país, un preçio sinxelo e maldito, o preçio da desaparición de industrias e postos de traballo sen ningún recato nen alternativas de creación de emprego. Un preçio que na coincidencia de muitas opinións, é o reflexo da política do goberno español para sentarse á mesa co Mercado Común. Neste momento os plan gubernamentais tocaronlle de vez ás empresas do grupo Alvarez, absorvidas polo INI hai un par de anos -após a morte de Moisés Alvarez, cubano de nacemento- e dende aquela o "Instituto Nacional de Industria" colocou ao fronte un dos seus tecnócratas, o actual Director Ibañez, que prevé cumprir lisamente o encomendado e do que imos dar comprida información.


GRUPO ALVAREZ O INI DA CABO DOUTRO SECTOR INDUSTRIAL

Facendo algo de memoria, dende o primeiro taller ás cinco fábricas que o grupo ten hoxe en día na bisbarra viguesa, Porriño e Arcada, a explotación máis descarada -soldos miserentos de sempre, altos porcentaxes de silicose...- conxugouse co "honroso paternalismo" que ia construíndo vivendas para operarios e operarias, e máis coa exmpalridade de don Moisés, premiado polo Goberno pouco antes de morrer, e as súas boas relacións, relacións que lle permitían ter diñeiro invertido da muller de Franco. Non lle foi difícil, pois, a este promotor conseguir tradición exportadora para a súa louza e mesmo o necesario prestixio de firma, amparando vendas e prestixio na situación de privilexio herdado do período autárquico e conseguíntes dificultades a entrada no mercado estatal de produtos foráneos.

Así, arredor de 3.500 traballadores son hoxe a man de obra das fábricas de plantos, das de vidro automático e da de calcomanías para decoración. E tamén, durante muitos anos, os traballadores de Alvarez foron acumulando, pola súa banda, tradición reivindicativa que moi bons servizos pode facerlles hoxe, a piques de perder 1.000 postos de traballo.

AS CONTAS CLARAS (PARA A EMPRESA)

Se entramos no plantexamento empresarial do problema, a pretensión é tirar para avante cunha regulación definitiva de 800 personas, de cara a facer viable -argumentan- o grupo dende un punto de vista exclusivamente económico, amais de contar a prazo coa desaparición de outras duascientas de xeito natural (mortes, xubilacións, ceses...) e manter a actual produtividade gracias a unha acaída modernización tecnolóxica que evite a sempre molesta man de obra. Razonan, asemade, que para competir coas louzas inglesas, francesas, italianas que vai traer a entrada na Europa ten que re-



baixarse dun chouto a incidencia salarial no preçio do produto... Aí os tempos en que Alvarez dominaba o 65 por cen do mercado español de louza e máis do 30 do de vaixelas... Despois falan de mil millóns de perdas anuais pre-

cisamente nestes bens -louza e vaixelas- porque a botellería dá beneficios e ven de se ampliar -pero sen crear novos empregos- e tamén o dan as calcomanías.

Tamén falan de que o INI

estaría disposto a gastar 5.000 millóns en indemnizacións e novas inversións pero cunha condición: consenso para a fórmula de regulación que selamos: Xubilación anticipadamente a meio cento; despido de douscentos enfer-

mos profesionais que na actualidade ocupan traballos auxiliares (portería, ordenanzas...); despido de douscentos cincuenta traballadores con gran número de baixas intermitentes e tamén doutros trescentos que escollerían entre os que lle proporcionen menos os que lle proporcionen menos rendemento á empresa.

A LOUZA PARA MEXICO

Compre o consenso e compre porque non lle interesa, siquer, regular pola vía normal da Delegación de Traballo xa que non lle garantiza o despido dos traballadores que considera "menos rentabeis". Compre un amaño e despois, quizabes, invertirían algun ramo de man de obra cualificada, non en louza. A louza xa ten agora unha fábrica en México, co obxectivo de exportar aos Estados Unidos e conversar con Arxentina e máis con Marruecos de cara a construír alí nun futuro. Mais nada. Nen sombra dalgun compromiso de postos de traballo alternativos. Somentemente que hoxe, no seu dicer, a empresa non é rentabel porque os beneficios tirábanse dos baixos salarios e a suba destes "dalles perdas". Así de simples e así de claro fala o INI do que vai facer con 1.000 postos de traballo no noso país.

Non fala da intencionada máxerencia, da produción desfasada e exclusiva de vaixelas en troques de bens de uso diversificados e cotidianos máis axeitados á demanda actual.

Xa non lles servimos para producir platos e esfarelan o sector industrial da louza en Galicia para ir cara México -parellos feitos pasaron recén nouros sectores como o naval ou o siderurxíco- e sobre todo para adaptarse a Europa. E para nós quedan unhas cuantas indemnizacións e ningún compromiso por parte do Estado español en potenciar novos postos de traballo. Un exemplar saneamento na millor tradición do capitalismo de Estado sobre un territorio dominado.

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas, S.A.

Comisión de Fundadores:

Acosta Bêiras, Xoaquín.
Fontenla Rodríguez, Xosé Luis.
López Gómez, Felipe Senén.
Morales Quintana, Xosé Enrique.
Varela García, César.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores

e Colaboradores: Xosé Ramón Pousa, Antón L. Galocha, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado, Fernando Franco, Ignacio Briset, Suso Piñeiro, Guillermo Pérez, F. Cusí, Xosefina L. Corral, Emilio Veiga (Países Catalans),

P. Iparraguirre, Maialde (Euskadi), María Alonso (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), Juanjo Navarro, Llatzer Moix, Patiño, Vázquez Pintor.
Diseño e Confección: "Galicia, Estudo e Formas".

Fotografía: Brais, Xurxo Fernández, Fernando Bellas.
Publicidade: Antonino Fdez. Torrón Tfno. 582613

Dibuxos: Xaquín Marín, Xulio Maside, Alfonso Sucasas, Xurxo Fernández, P. A. Estevez, Fiz Valcárcel, Pepe Barro.

Redacción e Administración: Troia 10-primeiro Santiago
Redacción: 582681
Administración (de 10 a 14): 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset C. Quiroga, 11-15. Ourense
Dep. Legal: C-963-1977

Distribución: A Coruña, Librería COLON. Real 24, telf. 222206. Santiago e Lugo, PRENSA NACIONAL, Telf. 583456. Pontevedra, Librería CAO, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora VI-GUESA, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora VELO, Telf. 357707. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

REDUCCION DE LICENCIAS DA CEE (O CASO DA CORUÑA) GRAVISIMA SITUACION DA PESCA

Coa posición dos comunitarios no tema das licencias e, por outra banda, as da Administración española (amais da subida do combustíbel) semella que a vida da Pesca galega toca ao seu fin ou, polo menos, continua o seu deterioro.

As negociacións entre a CEE e os representantes gubernamentais ven por mal camiño, sen que se albisque solución. No momento de escribir estas liñas, a Comunidade anuncia que "haberá unha sensíbel redución de licencias e cupos de capturas para os pescadores españois" e as conversas coa delegación española rematan de se romper. Os países da CEE manteñen as súas condicións para a pesca de baixura e parecen decididos a reducir as licencias de altura a 153, con unha redución proporcional sobre o cupo de captura da merluza. Anque a Comisión Negociadora das licencias exerza o dereito formal do pataleo, é evidente que aceptará a redución, feito que supón un forte golpe para a pesca, xa moi malleada polas outras circunstancias.

Unha vez que sexan outorgadas as licencias para faenar dentro das 200 millas, o Goberno comunicará a cada ún dos portos as que lle corresponden, asegún o potencial de barcos que teñan. Neste senso, a Coruña, cunha flota de 109 barcos de arrastre (o total do Estado son 412), recibiría un porcentaxe de licencias considerabel dentro do marco estatal, pero de todo punto insuficiente. Dada a súa importancia, o porto coruñés verase verdadeiramente afectado.

O proceso que segue a concesión ao Goberno español, por parte da CEE, de licencias para a pesca nas augas comunitarias, escomenza nestes días en Bruselas, sendo comunicado despois a cada porto o porcentaxe que lle asignan. Após, os armadores elaboran un plan de pesca rotativo tendo de conta os cabalos de cada barco en función das licencias que teñan. Do que se trata co plan é que todas as embarcacións poidan ir ao mar en turnos rotativos, non inferiores a dous meses, que é o mínimo fixado pola Comunidade.

Cando esté feito o plan, este mandase ao Goberno para que xestione a documentación precisa coa CEE, que dará unhas licencias de pesca nominativas (co título do barco) e referidas as datas que se solicitan.

O ano pasado, a negociación de licencias con carácter transitório, arredor de duascenas en total. Dentro deste total, deronse lle ao porto da Coruña cento no-

venta, en relación co porcentaxe de importancia que ten respecto aos restantes portos de altura, entre os que sobrancean, no noso país, Vigo e Marín.

OS ARMADORES DEMANDAN DO GOBERNO MEDIDAS COMPLEMENTARIAS

Ante a evidente posibilidade de unha importante redución para pescas nas duascenas millas, os armadores teñen proxectado xa de antemán facer unha xuntanza das asociacións dos sete portos afectados, co fin de tomar unha postura fronte a Administración.

En declaracións do Xerente da Asociación Coruñesa de Armadores, "non haberá máis remedio que aceptar. Ao marxen esiximos ao goberno unhas medidas complementarias co fin de facer a situación menos gravosa para o sector pesqueiro".

Concretando as medidas que non entender dos armadores poden facilitar o acceso de todos os barcos á pesca, o señor Zapata respondeu: "Nos sempre dixemos que o que debe facer o Goberno é levar a cabo unha auténtica política pesqueira. Neste caso, e para paliar o problema das licencias, deberán presentar un paquete de medidas complementarias: favorecer o proceso de concentración de empresas; manter un desguace actualizado; subvencionar as paralizacións dos barcos; facilitar o contacto con países que teñan posibilidades de pesca (como poden ser os da costa de África), etc."

Na opinión deste armador, as grandes empresas do sector veránse moi afectadas pola crise, namentras que os pequenos armadores poderán sobrevivir máis tempo, pero é só unha agonía máis longa.

OS SINDICATOS DENUNCIAN A FALLA DUNHA POLITICA PESQUEIRA

Mentras, o convenio de arrasteiros a punto de negociarse, foi retrasado por problemas de representatividade na comisión negociadora, demora que foi prolongada cos últimos feitos no sector.

A plataforma reivindicativa do convenio, que terá carácter local da Coruña, foi presentada no mes de Xunio do 1979, á patronal polo Comité do Porto. De cara ao que significará a redución das licencias, sindicalistas coruñeses voltan a se queixar da falla dunha política pesqueira coherente levada á práctica pola Administración. Compre pensar que Galicia vé moi afectada polo conflito, xa que a nosa economía



depende en boa medida da pesca, sen que a Consellería de Pesca pre-autonómica fixera ren neste senso.

Fontes de Comisións Mariñeiras, demandan do goberno

unha actuación decisiva a favor do sector. Unha posibilidade apuntada por CC.MM. sería o coitado e vixilancia das nosas rías, que están dotadas dunha gran riqueza desaproveitada. "A explo-

tación da nosa plataforma pesqueira salvaría da ruína aos pequenos armadores que son, xeneralmente, patronos dos seus barcos", dicen os sindicalistas pregonizando a defensa da pesca de baixura.

O Sindicato Galego dos Traballadores do Mar, sección da ING, que mantén unha denuncia contra a representatividade do Comité do Porto, esixe tamén unha reestructuración do sector. Xan Carballo, Asesor do sindicato, acusa ao Goberno español de aceptar as condicións da CEE sen negociar, na defensa dos seus intereses de cara á entrada no seu seo. Tamén recalca o mesmo punto: "O Goberno español deberá facer unha promoción da nosa pesca do litoral no camiño dunha reforma pesqueira."

MAGIS IGLESIAS

¿Quen quer facer unha casa tradicional por 2 millóns, en 5 meses, en calquer parte de Galicia?



Vivendas non prefabricadas, de feitura tradicional.

Xuntando os procedementos de construción de sempre cos novos métodos de instalacións e aislamiento, ofrecémoslles vivendas "tradicionais", que poden hastra ser de pedra.

Cantidade de modelos, variantes e superficies.

Dispoñemos de 20 modelos diferentes, cun total de 180 posibilidades, para vostede ter moito onde escoller. Superficies de 75 a 350 m².

Precio fixo. Prazo de remate fixo.

Os nosos prezos son fixos e inalterábeis, por moitas subas que haxa no decurso da execución da obra. Comprometémonos, ademais, a lle entregar a súa vivenda en 5 meses, e non ha pasar un día máis.

¡Moi importante!

Todo o "trapeleo molesto" -licencias, proxectos, permisos, etc.- vai da nosa conta, sen recargo ningún da súa. Todo isto vai incluído en contrato.

Garantías

Amais de calidade, deseño e seguridade, garantimos por 10 anos a responsabilidade do contratista, e un servizo de reparacións de balde por 2 anos nas averías que haxa e que non seían por culpa do mal uso. Todos estes compromisos van tamén reflexados no contrato.

Construímos en calquer parte de Galicia.

Porque contamos coa experiencia e prestixio de MAGDALENA R. CONSTRUCCIONES S.A., faremoslle a súa vivenda no coruncho de Galicia que vostede escolla.

VIVIENDAS MAGDALENA

Espedrigada 10, Vigo. Telfs: 29 46 50 - 54 58.
Pérez Constanti 16, 1º C. Santiago. Telfs: 59 28 97 - 59 32 99.
Amor Meilán 12, 1º. Lugo. Telfs: 213936-217574.



CARCESA: QUER GANAR O XUBILEO DA XUNTA?

FRIGSA fica de actualidade. O pasado 20 de Nadal, os milleiros de persoas que se manifestaron baixo da neve, eran testemuña de que o problema non enfriara. Pedíase unha FRIGSA "galega" e con garantías, e sorprendentemente, todos parecen cadrar conformes coa solución. E lóxico que o esteña a Comisión de partidos e centrais, pero non tanto CARCESA, que, á súa maneira, parece aceptar a fórmula. ¿Qué carta esconderán abaixo da "mesa-camilla".

COINCIDENCIA DE VIAXES

O día 11, a Comisión Mixta ía a Madrid, e o presidente de CARCESA viña a Santiago. A Comisión Mixta (PSOE, PCG, AN-PG, UPG, USO e 3 membros do Comité de Empresa; non foron CC.OO nen UGT e xustificouse a ING) ía falar co Director Xeral de Urbanismo, que estivo asistido por un dos membros do seu Departamento, e a teima do sr. Martínez de Genique, presidente de CARCESA, era de falar co conselleiro Pardo Montero; seica os termos do que o presidente do monopólio traía a Santiago era o de que "Ou se axilizan os trámites da recalificación ou...". Polo que parece, o aquel da cuestión fica hoxe precisamente neso, na recalificación.

DO QUÉ SE FALOU EN MADRID

O Director Xeral de Urbanismo fíxolle á Comisión Mixta a historia que xa conecian: de cómo chegara ao seu departamento o expediente FRIGSA, de cómo volveira ao axuntamento de Lugo, "Jefatura Provincial de Carreteras" e Xunta de Galicia... E resulta que, un pouco tímido nas cousas que non lle tocaban directo ("Veo muy razonable las posturas de la comisión en aspectos sociales, laborales..."), estivo do máis rotundo no que a el lle tocaba: "El proyecto es un auténtico bodrio, es inaceptable... No podíamos involucrarnos, mancharnos en unha operación, como ésta, de unos visos especulativos

nada ocultos". O caso é que o Director Xeral cadraba conforme coas pexas da Comisión: volume de edificación moi elevado, ubicación nunha zona xa moi conxestionada... Todo indicativo do carácter da manobra. E é que ¿para qué quer Lugo neste momento vivendas para 5.000 persoas, cando as expectativas non son precisamente dun gran medre a curto prazo?

A Comisión Mixta reiterou as esixencias mínimas, e o Director Xeral, tamén "soltou" outra cousa interesante: seica, aparte os cartos conseguidos coa venda dos terreos, hai quen estaría interesado mesmo a ofrecer cartos a fondo perdido para a financiación da nova factoría; inda máis o Director Xeral, concretamente a cousa en GAEIG e o INUR. O lérío de CARCESA de que só coa recalificación "sen máis demora" dos terreos se garantiza o futuro de FRIGSA, queda coma o que é: unha chantaxe e un fraude máis.

XOGAMOS...PERO COMO EU DIGA

Polo que razóns os da Comisión Mixta após desta visita a Madrid, Carcesa estaría disposta a disgregar FRIGSA do seu Patrimonio de xeito que a nova sociedade a integrase maioritariamente o INI con representación de "capital galego" (grupos económicos, din, gandeiros...), e a ún venselle á memoria que uns cantos queren repartir Galicia en parcelas, correspondendo o asentamento dos seus troncos coas actuais provincias, e lembramos que Frigsa ten no viciño municipio de Corgo unha granxa de cochas, das chamadas de "circuito pecho" xa que o que produz vai en exclusiva para a Frigsa. Resultaría, pois, que Carcesa quer converter a factoría nun matadeiro no que samente esteñan integrados certo número de granxeiros coa súa propia cadea de produción. ¿Qué pasará cos labregos que teñan un número cativo de vacas ou porcos? ¿Quererán facer da Frigsa unha especie de Club selecto de criadores de va-

cuno e cerda? E todo gracias á entrada no Mercado Común.

Volvendo ás visitas, os da Comisión foron tamén a entrevistarse con Carcesa e ese día o seu presidente andaba de xubileo na Xunta de Galicia. Aínda así, representando á empresa había catro persoas e unha delas presentouse como conselleiro do INI: "lo fundamental es agilizar la recalificación...nos permite financiar la nueva factoría". Nada, pois, do que insinuara o Director Xeral de Urbanismo referente a outras fontes de financiación. "Estamos preparando un nuevo proyecto que se dará a conocer en breve", e referíanse, claro, ao proxecto de recalificación dos terreos posque o de agora ninguén o traga, e engadían "tenemos proyectado una restricción de horario que aunque lo podríamos hacer con las leyes vigentes se nos hace imprescindible contar con la colaboración de los trabajadores y del Comité de Empresa, ya que se trata de disminuir el horario y mantener la producción". Nesto sí que non deron rodeos.

¿POR ONDE SAIRAN OS TIROS?

A pesares do novo proxecto urbanístico e mesmo do da nova factoría ne memoria fica o documento firmado co Sr. Sanchis, hai 2 anos, papel mollado que serviu para que Carcesa dese os pasos que tiña previstos, e se ben non parece desbotado que encete algún tipo de negociación ¿quen se fia? Ao mellor os tiros van por querer negociar samente unha parte dos terreos e que fose o Concello que botara man das dúas terceiras partes que no seu día, cando se creou Frigsa, subvencionara. Ao fin, mentres uns estaban en Madrid o de Carcesa estaba coa Xunta, feito demostrativo de que o "quid" está na recalificación, que de aprobarse permitiríalle seguir adiante a uns proxectos de sobra negativos para o pobo de Lugo e de toda Galicia.

P. ARRIZADO

crónica política

Unha vez máis xurde o problema da nosa economía pesqueira. Nesta ocasión, non son os mariñeiros os que protestan, son os armadores que ven, sobor de todo os pequenos, como a rentabilidade daas suas empresas recua alarmantemente até facelas inviábeis, despois da suba do preço do gasóleo. Aos preços do gasóleo para estes mesteres, vanse engadir novas reducións de capturas nas augas do Grande Sol, esixencia do Mercado Común Europeo para aceptar a integración do Estado Español. Ante o panorama que amosa o sector está claro que deberían ser armonizábeis, hoxe por hoxe, os intereses dos medianos e pequenos armadores cos dos mariñeiros, pois ambos os dous están condenados á desaparición de continuarse a política de desmantelamento da nosa economía pesqueira e entrega aos intereses das multinacionais. Nen que decir ten que este frente comun tería de ser político, esto é, unirse na defensa dunha alternativa que conleve unha reforma pesqueira en base aos nosos intereses. Entre os nosos intereses están a defensa e explotación racional da nosa plataforma marítima, e unhas negociacións, dende outras posturas totalmente opostas, coa CEE e con Estados do Mundo que teñen importantes caladeiros nas suas augas xurisdiccionais.

*


A SITUACION LABORAL

Pero a amenaza ou realidade dos expedientes de regulación non afecta soamente ao mar; estánse producindo en empresas das que se trata de tirar máis beneficios, facelas máis rentábeis dende o punto de vista do gran capital, isto é, apandando os traballadores con todas as consecuencias. No caso do grupo Alvarez de Vigo-Arcade, a regulación sería un primeiro paso dunha privatización da empresa, cando reuna condicións altamente rentábeis. Esta operación entra, pois, no proceso de desmantelamento do INI. No caso de Censa, do Porriño, estaría destinada a favorecer a concentración monopolista, por medio dun trato abertamente colonial. O caso Regojo de Redondela é altamente exemplar e significativo, dende outro punto de vista. Os traballadores vense abocados a unha regulación de plantilla, despois de teren aceptado unha grande parte deles a formación dunha Sociedade Anónima Laboral, manobra envolvente da patronal e do Goberno para facelos cómplices dunha reconversión e redución da plantilla da empresa. E unha parte do propio Comité de Empresa o encargado de aceptar a regulación dos compañeiros afectados pola desaparición de certas naves. Son os representantes dos non afectados os que se encargan de propiala. Cúmplense, pois, as premonicións feitas polo sindicalismo nacionalista que se opouxo, dende o comenzo, a esta engañifa auto-xestionaria, na que colaborou o sindicalismo español que agora se laia e opón.

*

A LEI DE AUTONOMIA UNIVERSITARIA

Anúncianse mobilizacións a partir do 28 en contra da Lei de Autonomía Universitaria. Os proxectos educativos do Goberno parece que provocan contestación política aberta pero, tamén é certo, pouco homologada. A oposición vai dende acusar os proxectos de anti-democráticos deica denunciar o seu carácter privatizador e de enfeudamento do sistema educativo á ideoloxía e ás necesidades dos monopólios e do imperialismo. Todas as oposicións saben, non obstante, que do asentamento e duración dos proxectos "democráticos" do Goberno depende, en grande parte tamén, o asentamento e duración dun réxime democrático-burgués á europea. Por eso, hai algúns que se opoñen taticamente e demagoxicamente -esto é, dunha maneira oportunista- e outros que o fan conscientes da gravidade da situación para viabilizar un ensino laico, igual, entendido como servizo público por conta do Estado. O curioso está en que a oposición vai contra duns proxectos-lei que son perfectamente constitucionais, o que proba a irresponsabilidade -amén do op oportunismo sinalados que, dunha maneira fachendosa e agresiva, defenderon o Sí tan alegremente no referendo constitucional. En Galicia, é moi importante darlle a esta oposición un carácter definido contra a represión lingüística, contra o deterioro do ensino estatal, contra o enfeudamento relixioso, moral e político dos traballadores do sector, ou o que ven ser o mesmo, en defensa da galeguización do ensino, do ensino estatal, da laicidade.



resumes

CAMPAÑA POLO NON AO ESTATUTO. - A meirande parte das organizacións políticas e sindicais que optaron polo NON ao Estatuto de Autonomía para Galicia optaron por facer unha campaña conxunta con ese obxectivo, ademais de opoñerse a Lei de Referéndum que vén de aprobar o Parlamento español. O PSOE e máis a UGT non forman parte, parece, desta campaña, seica parece ser que a causa do voto afirmativo do PSOE á Lei do Referéndum citada; nembargantes, agárdase que se unan a mesma dalgunha maneira no futuro.

As forzas integrantes do BN-PG, UPG e AN-PG, así como a Central nacionalista ING, xa en principio se negaron a participar en ningún tipo de campaña conxunta, en base á disparidade de fondo cos obxectivos: Mentras todo o conxunto de forzas se opoñen a este Estatuto, reivindicando outro "millor". As forzas e central nacionalistas opoñense a calquer caste de Autonomía por considerar que non resolverá, en todo nen en parte, os problemas de dependéncia que arrastra Galicia.

D. ALFONSO ZULUETA DE HAZ, AMIGO DE SA CARNEIRO. - O Sr. Zulueta, Notario do Ferrol e persoa vencellada ao Partido Galeguista, apareceu estes días na prensa galega como íntimo amigo do novo primeiro ministro portugués Sr. Carneiro, que o é como principal figura da coalición dereitista Alianza Democrática. O curioso é que a prensa sobranceaba que desta maneira continuábase o lusismo de Castelao. Cousas veredes, porque Castelao coídamos que non tivo relación ningunha (e dende logo non amistosa) con Carmona e Salazar, Presidente e primeiro ministro nos anos trinta de Portugal. Nembargantes, o PG vai ter cos seus herdeiros directos. Alguns coídanos que o PG iba a ser de dereitas, pero non tanto...

ISTE NON. - O POG escomenzou a campaña contra o Estatuto de Autonomía pegando carteis que decían no encabezado: ISTE NON. Logo "OUTRO SI".

BLANCO AMOR "HIJO PREDILECTO" DE OURENSE. - A Corporación de Ourense, quitado os concellais do Bloque, votaron a favor do nomeamento de Blanco Amor como "hijo predilecto" da cidade. O concellal nacionalista Tabarés Feixóo dixo que a súa coalición se opoñía a esta clase de honores, tan frecuentes por outra banda durante o franquismo, e que o millor homenaxe que se lle podía render a Blanco Amor era unha edición das súas obras que se distribuíra gratuitamente a escolas e bibliotecas. O Alcalde, Sr. Iglesias (UCD), dixo que os concellais do Bloque se contradecían e que actuaban de "cara a la galería". E mentras, a poñerlle placas, e o escritor sigue descoñecido para moita xente.



SIGUE A CAMPAÑA CONTRA O DECRETO DE BILINGÜISMO

As Centrais Sindicais CC.OO., CTG., SGTE., UGT. e UTEG-ING., teñen convocado a todos os ensinantes galegos a unha Asamblea, que a nivel Nacional, se celebrará en Santiago, este sábado, día 19 de xaneiro, no Instituto Xelmírez.

Esta Asamblea é continuación da Campaña que se está a levar en contra do Decreto de Bilingüismo e a súa celebración foi acordada na Mesa Redonda, que para tratar sobre o mesmo Decreto, se celebrou en Santiago o 19 de Nadal último. Os temas a tratar son o propio Decreto e o Estatuto de Centros.

En relación co Decreto e a represión lingüística sobre os ensinantes do noso país, vimos recibindo numerosos pronunciamentos, dende o de AS-PG á Asociación de Veciños de Corme, pronunciamentos que reproducimos:

A Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG), en Asamble Xeral Ordinaria, acordou por unanimidade facer pública a seguinte moción de denuncia contra a aplicación do Decreto de Bilingüismo, concretada en varios casos de mestres da nosa nación, e que se resume nos seguintes puntos:

1. A AS-PG, desde o seu nacemento, marcouse como un dos seus obxectivos o potenciar todo aquilo que contribúa a normalizar a nosa lín-gua e a nosa cultura. Fiel a este obxectivo, a AS-PG ten organizado, ao longo destes dous últimos anos, cursos de Língua e Literatura Galega nas principais localidades de Galicia, con asistencia de numerosos grupos de mestres e outros profesionais. Neles, pretendeuse dotar aos alumnos non só dos coñecimentos técnicos necesarios, senón, sobre todo, explicar a historia da nosa língua e su-liñar a importancia dunha práctica galega no campo do

ensino, terreo especialmente abonado para a ideoloxización española e, por isto, especialmente importante para recuperar o noso idioma e as nosas expresións culturais.

2. Conforme estes principios, a AS-PG fixo pública no seu día unha denuncia do Decreto de Bilingüismo, desenmascarando o carácter anti-galego do mesmo e aclarando como, no fondo, non respondía máis que a un "cambio de fachada" da política española ao respecto, introducindo a nosa língua nacional como asignatura, para así frear precisamente o proceso de galeguización crecente do ensino e para, en definitiva, reprimir o uso do noso idioma, que é un dereito que ninguén nos pode regular.
3. A AS-PG vese obrigada de novo a denunciar a política represiva do Goberno Español sobre o uso do noso idioma, dadas as denuncias recentes a varios mestres por darem as clases na nosa lín-

gua. A AS-PG entende que estas medidas represivas non son máis que a aplicación na práctica do Decreto de Bilingüismo, que de novo denunciamos.

4. A AS-PG solidarízase con estes compañeiros do ensino denunciados por dar as clases en galego e chama a todos os ensinantes de Galicia a manifestárense en contra de tales denuncias e a prestaren o seu apoio a cantas accións de protesta se convoquen a tal fin, co obxectivo de inviabilizar, na práctica, o tal Decreto de Bilingüismo.
5. A AS-PG, finalmente, suscribe a convocatória da Asamble Nacional de Ensinantes de Galicia, a celebrar en Santiago o día 19 deste mes, feita pola UTEG-ING e apoiada por outros sindicatos e colectivos, e na que se concretarán outras accións de denuncia e protesta contra o Decreto de Bilingüismo e a súa aplicación no noso país.

carta entreaberta

O cedro da casa de Hortas

Querida Directora:

Quero desde aquí cumprir unha obriga de amigo e de ecoloxista pra co Manuel Hortas Vilanova, colega meu nestas páxinas. Estoutro día ia con el pra Fene, e vin desde a estrada o cedro que engalana a súa casa petrucial, e que aproveitando a súa ausencia, seus irmáns queren tronzar.

Seica din que o famoso cedro pode calquera día de ciclón caer enriba dun alpendre, pero eso éche un dicir. Ciclóns houbo moitos e o cedro sigue dereito. Eu desde aquí chamo ó Xosé e ó Antón de Hortas a que reconsideren a súa grave decisión e se absteñan de causarlle dor ó Manuel de Hortas e dano ningún ó cedro.

Ben sei en que, se nos poñemos puristas, o cedro non é árbore moi galega e que pagaba máis a pena preocuparse polo carballo do Vincalo ou polos castiñeiros do adro de Roás. Mais cos anos que leva e co ben que se aclimatou, penso que xa está nacionalizado galego, igual ca o negro de Castelao que viñera de Cuba e bailaba a muiñeira.

Se todos forán coma o cedro, outra cousa fora. Porque outras árbores modernas e ci-



vilizadas -como dixo un diputado polo distrito de Padrón-bastante mal están facendo. Por exemplo, os eucaliptos -que rañan a terra. Eu non teño simpatía ningunha por eles, agás por uns que hai perto de Viveiro, e que por seren os máis grandes de Europa, haberá que conservalos coma monumentos, anque señan uns monumentos algo bárbaros.

Mais o cedro non se mete con ninguén, e astra téñ algo de poético e maravilloso. A min, o cedro astra me erotiza un chisco, secadra por aqueles dos Libano dos que se debe falar no "Cántigo dos cántigos".

Que tamén che téñ figados que ese libro de Salomón seña sagro e litúrxico pra un tipo tan fúnebre coma Xan Paulo II. Son os contrasentidos da vida. Tamén Marx ten aínda algo coma sacral prós do peso e téñoq visto retratado nas oficinas da UGT, que non ostante acaba de firmar a venda da clase obreira ó grande capital. Venda, por outra parte, que lle amita algo á que fixo aqueloutro que lles vendeu a catedral de Santiago a un turista ianki. Pero cousas raras coma esta pasan nesas partidos tan vellos. A barca de San Pedro, anque era de pedra, movíacha o vento.

Eu, pola miña parte, da-reime por conforme se o Antón e o Xosé -coa aquiescencia da señora Pastora súa naidicidén- respetar o cedro da casa de Hortas.

Estou mesmo disposto a razonar con eles a conveniencia de que siga en pé, e se fixera falta, poderíase convocar unha manifestación de carballos e castiñeiros. Que, ó fin e ó remate, galego é quen vive en Galicia e non a aldraxa, e non coma os eucaliptos.

DARIO XOHAN CABANA

CORME: SOLIDARIDADE COAS MESTRAS

En asamblea extraordinaria celebrada recentemente, a Asociación de Veciños de Corme, debatíu os casos das denuncias presentadas a mestras de este pobo, polo feito de dar as clases un galego.

Esta Asociación de Veciños, que se considera plenamente representativa do sentir do pobo, lamenta que sea Corme precisamente, o que teña que estar a cabeza dunhas accións tan antigalegas e anticientíficas, e que non son máis que o fruto dunhas leis ambigüas e retrógradas.

Esta Asociación de Veciños, solidarízase plenamente coas mestras denunciadas, e levará a cabo en próximas fechas, unha mesa redonda sobre o tema.

yute
Confecções
Xesús Abad Eiriz
Ruanova, 43 - Tlf. 211214
LUGO

Suarez Nuñez, catedrático de Anatomía, é o actual Rector da Universidade de Santiago. Diante dos problemas xurdidos no primeiro trimestre, a raíz do da vivenda, adoptou como medida, entre outras, o peche de varias facultades.

Hoxe en día topase coa oposición da maioría do profesorado e do alumnado, o Decreto-Lei de Autonomía Universitaria, que non defende, pero que, ao fin, non lle parece mal proque, por enriba de todo,

*"ten que existir algo que vixie, que controle"...
Xustifica a selectividade basándose na calidade e na falla de postos de traballo, e noutras cuestións, como a do idioma, "nunca me fixei"....*

SUAREZ NUÑEZ

Rector de Universidade

¿Pensa que a situación da medicina no país é a axeitada as necesidades? ¿Hai un bó equipamento sanitario?

Ben, hai que falar non soio a nivel de "rexión", senón tamén do resto de España. Pódese dicir que o equipamento na Seguridade Social e no Hospital Provincial é normal. Sobor de todo, o Hospital Xeral ten unha chea de aparellos que van máis aló do que poden ter outros moitos hospitais. Pero eu faría un pouco máis de fincapé na situación da medicina rural porque, debido ao problema que supón que a xente esteña moi desperdigada en núcleos de poboación, necesitábase dunha planificación de tipo local, comarcal para pasar a outra de tipo provincial, pero mal a comarcal e a local. Urxe a creación de hospitais de cuidados rápidos con dez, quince ou vinte camas que esteñan nas cabeceiras de comarcas e despois centros, onde a poboación está ciscada dun sitio a outro, para recoller as urxencias que quedan moi alonxadas dos centros provinciais, ou dos centros cidadáns grandes. Falando de especialidades, a diferenza radica en que a especialidade non reclama a mesma urxencia que a medicina xeral.

¿Cal é a situación do ensino da medicina en canto a súa calidade, medios...?

E certo que o nivel da calidade do ensino baixou porque a tal cantidade de alumnos non se lles pode dar as prácticas axeitadas. Hai unha gran desproporción entre o que nós podemos ofertar e o que necesita. Quizabes a medida que haxa selectividade poida axeitarse a calidade co número de estudantes. Dende logo, hai que corrixir esta desproporción tan grande.

Vostede saíu elixido Rector da Universidade mediante un método democrático, pero cun 90 por cen de abstención entre o alumnado, ¿a qué pensa que se pode deber?

Pois non sei. Debe ser por varios motivos. Un, porque a moitos alumnos non lles interesaba entrar na mecánica de elixir Rector e nen xiquera a do seu Decano. Viven ao marxe deses problemas. Por outra banda, houbo unha propaganda de certos partidos políticos en contra da votación do Rector por pensar que os dous candidatos que eramos xente calificada... non sei como decilo... ou seña que non eramos xente

de esquerdas, aínda que eu teña un carácter social-demócrata. Eu non sei si isto influiría ou non. Nós, que temos un estudo dabondo ben feito da xente que vai as assembleas, frecuencia destas, decatámonos de que a gran maioría ten unha gran abulia de cara a estes problemas.

No primeiro trimestre saltou un conflito en base ó problema da vivenda, ¿cómo a viu vostede?

Ben. O Rectorado, penso eu, non pode entrar na problemática dos pisos. Con respecto ao aloxamento dos estudantes, está o Burgo...

Pero o Burgo costa tres mil pesetas e o comedor adxudicóuselle en subasta a un particular. Os estudantes enmarcaban as súas reivindicacións en base a unha política estatal de servizos, da que a Universidade se responsabilizara. O actual status do Burgo e Comedor, ¿non vén ser un paso de cara á privatización, neste caso da vivenda e servizos?

Non, non o vexo así, porque a comida 90 pesetas, debería costar arredor das 140 ou 150. O mesmo pasa no Burgo, onde temos que facer constantes inversións de millóns de pesetas. O preusposto global da Universidade non ten un capítulo para isto, non obstante facendo un esforzo lograse que a Universidade poña en marcha os comedores, tal como antes se preveía.

Neste momento, a nivel estatal, e por suposto en Galicia, no seu distrito, se respira un ambiente de oposición ao Decreto-lei de Autonomía Universitaria. O segundo trimestre parece que vai vir marcado pola conflictividade nese senso. Diante desta oposición dos diversos estamentos académicos, maiormente profesorado e alumnado, ¿qué defensa faría vostede do que xa se lle chama o "Estatuto Universitario"?

Hai unhas cousas que me gustan e outras que non. Creó que hai parcelas que están conseguidas, outras que deben conseguirse. E preciso que haxa unha lei, xa que non podemos estar anos e anos cunha lei anticuada que non serve...

O Estado vaisubvencionar entes privados que, polas súas taxas e costes en xeral, non están ao alcance de todos, como é o C.U. de Vigo, da Caixa de Aforros. ¿Non supón isto unha contradición co presuposto "ben social" que se pretende?



F. BELLAS

Todo o contrario. Os Colexios que había en Galicia eran privados. Soio quedou fora da integración o de Vigo. A propia Caixa de Aforros dixo, fai ano e meio, que non quería a integración do C.U. de Vigo na Universidade. Pero, como estes organismos parece ser que teñan agora dificultades económicas, solicitan dalgún xeito a integración na Universidade. E xa que isto xurde a nivel de todo o Estado, o problema está en que agora a integración supón unha cifra dunhos cinco mil millóns de pesetas. E dadas as dificultades que ten hoxe en día Facenda...

Na Lei prevese que un dos órganos de control será o "Consello Social", no que teñen representación, entre outros, a Xunta de Galicia, organizacións empresariais. ¿Qué senso tén isto? ¿Non supón que a Universidade via ter moita dependencia das organizacións empresariais?

Eu personalmente non estou a favor do Consello. Pero sí vería ben un consello de vixilancia de cómo funciona a Universidade, de traer os problemas sociais a

Universidade, de control da Universidade. O Consello Social non entra dentro do que me gusta a mín da Lei de Autonomía Universitaria.

O aumento da selectividade é tamén problema xeralmente sentido. As probas de acceso, globais primeiro e logo por facultades, os numerus clausus, asignaturas chave, limitación de convocatorias..., todo enmarcado nun contexto de carencia de medios, ponponse moito en cuestión...

O ideal sería que o ensino fora gratuito. Pero non é así. Agora ten que pagar o mesmo unha persoa con poucos recursos económicos que o fillo dun millóna-

rio. O que dí a Lei, aínda que ben... parece que non está ben redactada, é que os que teñan abundantes medios económicos paguen, pero ¿pagar para qué?, para que os que non teñan medios económicos faigan a carreira gratis. Por outra banda, penso que a selectividade é, nalgún senso, necesaria porque non hai postos de traballo. Entón tamén o Estado, dalgún xeito, ten que velar para que a xente que saia, saia máis ou menos colocada. En principio non hai ningunha selectividade xusta, porque xogan vinte mil factores diferentes. Eu admitiría a selectividade dos capacitados e dos que queren traballar. Non debe haber selectividade económica. Pero soio deben ir á Universidade os que vaian traballar e formarse dentro da Universidade. E, en canto a selectividade interna, penso que para un alumno normal é fácil de superar, porque se lle dan hastra seis convocatorias para aprobar unha asignatura.

Respecto da lingua, a Constitución "garantizaba" o uso de dalqueira dos "idiomas españois" e a Lei concreta en que "nadie podrá ser discriminado por utilizar el idioma oficial del Estado".

Esto ven significar que se un alumno de cen quer ensino en español, anque os outros 99 o queiran en galego, hai que darllo en español. ¿E axeitado isto?

Esto ven significar que se un alumno de cen quer ensino en español, anque os outros 99 o queiran en galego, hai que darllo en español. ¿E axeitado isto?

No problema do idioma nunca me fixei. Cando hai que falar en castelán fálase. Son dous idiomas oficiais: o galego e o castelán. Entón non pode haber unha cortapisa para poder utilizar calqueira deles. E lóxico que se algún non entende un idioma que se lle fale no que entende.

¿Qué pensa vostede das sancións que, fora da súa xurisdición, se lle están a impoñer a profesores de EXB e BUP por impartir as clases en galego?

Non sei nada. Leín algo, pero non sei dabondo do tema e tampouco lle dín maior importancia. Tamén supoño que as sancións serían por algunhas outras motivacións.

XOSEFINA L. CORRAL

QUEN NON QUER AO SR. CONDE?

O pasado día 15 de Santos, xunto en Pontevedra o Xurado Provincial de "Montes Vecinales en Mano Común" co gallo de clasificar os montes veciñais dos concellos de Cangas do Morrazo e Mondariz, contando coa presenza de membros da Cámara Agraria de Cangas, e máis do Sindicato das Comisiós Labregas, Sindicato e Cámara tiñan expresado xa a súa postura nun amplo "dossier" elaborado ao respecto, e agora, diante da nova negativa a aceptar as propostas do organismo provincial, éste, en base á legalidade, decide adiar o acordo resolutorio nun prazo de trinta días.

De todos é coñecido o réxime de explotación comunal que de sempre se aplicou nos nosos montes. Moitos tamén acordarán cando, nos anos 40 deste século, a Administración, por medio dos axuntamentos, empeza a expropiación, como paso destinado a lles abrir camiño aos monopólios da madeira, que van pasar a ser, co ICONA, novos (e gratuitos) beneficiarios.

Concretamente no concello de Cangas, en 1943 o axuntamento consócia os montes dos veciños ao "Patrimonio Forestal del Estado" (hoxe ICONA) para "aprovechar los recursos forestales"; consecuencia: un número de veciños quedou sen os vellos recursos de pastos para o gando, esquilme, leña, etc. No ano 1953, seguindo o proceso, o tal "Patrimonio Forestal del Estado" empeza a repoboación.

E é daquela que aparece unha denuncia contra o "Patrimonio", formulada por unha "Sociedade familiar" da Banca "Hijos de Olimpio Pérez S.R.C.", e na que se aduce a propiedade de varios montes comunais das parroquias de Darbo e Aldán, propiedade que, segundo eles, se outorgara en escritura diante do notario madrileño don Pedro Castiñeiras Teijeiro, un 14 de santos de 1949. Por don Julián Pérez Estevo, conde de Canalejas, e don Marcelino Blanco de la Peña, cuñados, banqueiros e sócios de INRUMAR, S.A. quen presentan a demanda.

Nun dictame no ano 59, a cargo do letrado, hoxe senador da UCD, Manuel Iglesias Corral, a tal escritura era merecente desta contundente afirmación: "la simulación es delito cuando perjudica a un tercero. Al mismo tiempo constituye falsedad, cuando se vacia en documento público y se hacen constar en él cosas que no son".

CON XUICIOS OU SEN ELES

Celébrase o xuicio contra do "Patrimonio Forestal" por suposta repoboación ilegal nos terreos que INRUMAR coidaba seus, e a sentenza desestima a demanda presentada. Entón, o Conde colle o asunto "da súa man", e pón gardas xurado para "defenderen" a súa suposta tenencia. Segundo puido saber A NOSA TERRA, chegaron a sacrificar ovellas dos

penal; logo, e segundo algúns maliciosamente, morre o conde de Canalejas; o alcalde de Cangas vese dimitido e substituído por don Eduardo López, e o sr. Iglesias Corral, após ter elaborado un valioso dictame, desaconsella ao axuntamento e convidado a



"Ir traballar para o Torre" din por Aldán, que asemade quere dicir "INRUMAR, S.A.", de quen foi abogado defensor o ex-ministro opus-deista Leopoldo López Rodó.

veciños que, alleas ás reclamacións do Conde, pacian nos sitios en que de toda a vida os seus devendeiros e elas mesmas paceran. O daquela alcalde de Cangas, don Manuel Solla, empeza un contencioso INRUMAR, no que se ian producir feitos ben curiosos.

O proceso dura oito anos, e o concello perde na Audiencia de Pontevedra e máis na Territorial, esta última sospeitosamente. No 59, vense producir unha avalancha de sucesos: primeiro, a parte demandante contrata a Iglesias Corral, que aconsella ao Axuntamento levar a cousa polo



"Non deixaremos que nos atropellen outra vez" repite Manuel Soutelo, Presidente da Cámara de Cangas.

abandonar o proceso. E o Tribunal Supremo, consecuentemente coa incomparecencia, falla a favor de INRUMAR S.A., ou seña, do Conde de Canalejas.

CHEGOU O TEMPO...

Hai que decir que nas heranzas testamentarias do condado, endexamais apareceron nomeadas as propiedades dos montes veciñais en conflito, a saber, os chamados Borrallido, Liboreiro, Magdalena, Varalonga e outros, cunhas 810 Has. pertencentes ás parroquias de Darbo e Aldán. A superficie usurpada pertencente aos veciños de Aldán é de arredor das 395 Has., das que un cento delas, que ao conde non lle parecen interesadas, son as que o Xurado Provincial de Montes Vecinais propón conceder aos veciños.

Con todo isto, a tensión na comarca é grande. Amáis da Cámara Agraria de Cangas e máis as CC.LL., téñense manifestado a prol dos veciños o Patrón Maior da Cofradía de Aldán, Sociedade de Cazadores e a Corporación municipal, coa abstención (pénsase que deliberada e moi cuca) do grupo da UCD. Tamén se están a recoller firmas e a agardar o pronunciamento favorable das Asociacións de Veciños.

Da súa banda, o actual conde, vencellado coma o pai ao mundo da banca, volve lanzar os fios cos que montará a súa propia rede a ver o que pesca. Aínda lembran os veciños o pronunciamento favorable ao Conde que fixeran os cregos da zona, agás o de Beluso.

Terá de ser o tempo, este tempo revoltoso que vivimos inda hoxe, o que dirá se é día, ou se é solpor segue a campar sobor das augas e das terras, coma calquer poderoso. E na memoria de cadaquén faise viva aquela frase de "ir traballar para Aldán" que din por todo o concello, como proba dun pasado máis que miserento e irrepitíbel.

SARRIA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE URBANISMO

Vense de celebrar en Sarria unha reunión, encol das normas subsidiarias, entre a corporación municipal e os técnicos Mario Iglesias, inxenheiro redactor do proxecto actual, Cesáreo Sánchez Iglesias, inspector de Urbanismo da Consellería de Ordenación do Territorio na delegación do MOPU da Coruña, proposto polo BN-PG, e Victor Pérez López de Gomarra, encargado de visado de proxectos no Colexio de Arquitectos de Lugo, proposto pola UCD.

Dado o interese que entre os veciños de Sarria despertara o tema, moitos deles personaronse no axuntamento para asistir aos debates. A súa entrada foille negada polo alcalde. Debido á repulsa xeral pola actitude "tan democrática" do sr. Lence López, éste prometeu ter informado ao pobo de todo o que no interior se tratase. E de salientar tamén que o sr. alcalde, nun principio, negaballe tamén a entrada ao técnico proposto polo BN-PG, tendo que admitilo posteriormente pola presión dos veciños e dos concellais desta coalición.

Na reunión, e tomando como base de discusión por parte dos técnicos e concellais o documento de alegacións e alternativas as normas subsidiarias presen-

tadas pola AN-PG en abril do 79, a corporación quedou comprometida a tomar os seguintes acordos nunha próxima sesión plenaria: reforma sustancial do actual proxecto, que consistiría, en síntese, na delimitación urxente do chan urbano, restrinxido ao chan consolidado, creación de chan urbanizable que, cos correspondentes plans parciais, sería construíbel a meo prazo, xa que isto implicaría o reparto de cargas e beneficios; nova exposición pública durante un mes, conforme marca a lei, para que os afectados poidan presentar alegacións. Deste xeito conseguiríase a inmediata revitalización da construción no casco urbano e que para urbanizar zonas non consolidadas se teñan en conta aos propietarios dos terreos e os intereses xerais (Plans Parciais).

Compre destacar que durante dous anos tiverase atrancado o desenvolvemento de Sarria, no aspecto da construción, pola obcecación dos seus rexidores en defender cousas indefendíbeis, vistas as aberracións urbanísticas que esto representaba. Vaia como exemplo a famosa circunvalación hoxe totalmente desbotada do proxecto.

CORRESPONSAL

"A Caixa"

en colaboura co Banco de Crédito Agrícola, I.C.O.,
Axencia do Desenvolvemento Gadeiro, e o Servizo de
Extensión Agraria.

OUTORGA CREDITOS
con condicións moi especiais, a

AGRICULTORES E GADEIROS

- Para adquisición de maquinaria e gado.
- Para vivenda e instalacións.
- Para gastos de campaña.

Acurto, meo e longo prazo e con baixos tipos de interese.

Pregue información
en calisqueira das nosas
oficinas.



Caixa de Aforros Municipal de Vigo

ONDE MAIS PERSOAS AFORRAN NA PROVINCIA

V.P.

LIBRERIA
XA
Vila de Negreira, 3
Tif. 261975
A CORUÑA

X
Keito
PONTEVEDRA
SOPORTAIS DA FERRERIA, 4

OURENSE ARREDOR DA CAIXA

L. PONLA

Ourense está superpovoada de pequenos comercios, pequenas, moi pequenas indústrias, poucas empresas que cheguen aos 50 traballadores e non son máis de cinco as que sobrepasan os 100 empregados.

Pequenos propietarios defendendo, nalguns casos, dende as ringleiras da CEOE os intereses dos seus propios inimigos, os monopólios, multinacionais e gran banca. Acó o mesmo se afilia á gran patronal un fontaneiro que o seu único capital é a súa ferramenta de traballo como vemos ao dono dunha tenda de zapatos cun ou dous empregados guindar a súa voz contándonos as delicias da devandita gran patronal.

Peró se vostede non coñece Ourense, non se alarme, polo de agora aínda son minoría os pequenos propietarios que sen saber ben por qué están na CEOE. Decíanos un empresário "Que leites de CEOE se onde tiñamos que estar todos era afiliados a unha central sindical". Vostede, se coñecera as súas empresas, os seus sistemas de produción, as súas relacións coas súas forzas de traballo, non deixaría de pnear o mesmo..

O certo é que uns e outros, os máis deles tiveron algunha vez que recurrir aos créditos da banca e sobor de todo da Caixa de Aforros. Eso impide que algúns, vendo como se funden as súas empresas e temendo posibles represalias por mor dos seus normais descubertos, non se animen a se unir pra esixir responsabilidades a quen as ten, agardando así unha posible inxección, que non solución, ou o saúdo do gran señor no que lles pareceu ver que mañá pode pasar polo seu despacho volvelo tentar.

Devolucións, descubertos, papel pelota, son o pan de cada día, un pan que non por mortal deixa de ser digno dada a situación a que foron conducidos baixo o lema de "pola defensa da pequena empresa" desa empresa que está a potenciar a CEOE e que polo que se ven, non é de Ourense nen de Galicia.

Así, atopámonos no Polígono de San Ciprián das Viñas e fora del tamén, con determinadas empresas que terán que pechar. E aínda que a súa situación se manteña por algún tempo, debemos denunciar igualmente as inxeccións que, ben por medo, falsa dignidade ou sinxelamente ignorancia, se lles poñan dar.

Antes de seguir adiante, é preciso clarear que as posibles solucións que apuntemos son do máis puro estilo capitalista, que non marxista. Decímolo así, por unha banda como aviso aos navegantes e pola outra, tentando abrir un pouco os ollos a quen, utilizados como comparasas, van presenciar nesta década como desaparecen ou se empobrecen día a día mentras as multinacionais, a banca, os monopólios e tamén as empresas que de fora se instalan en OURENSE, van medrar á súa conta, utilizándoos pra defensa deses máis que cráros intereses e coa concomitancia de quen dunha ou doutra forma se están a vender desvergoñadamente ao colonialismo.

Vixiar a boa utilización das técnicas e leis de protección a fin de que éstas non sexan utilizadas polos pillos de sempre, é cousa que o capital sabe facer ben cando quer. Co resto, coa cultura, acontece outro tanto. Trátase de desenrolar un país ou unha zona aínda que sexa pra beneficio propio, e utilizándose os medios axeitados. Sempre, como decimos, que se trate de desenrolar, pois se o que se quer é esquilmar, a cousa xa cambea e hastra se deixan queimar os montes se compre. Porque se de mellorar as cousas se tratara, non se



comprende tanta ignorancia, tanta incompetencia, tanta incapacidade ou tanta mala uva. Cousas haberá que contar algún día do por qué Ourense quedou parado cando as condicións obxectivas para o seu desenrolo eran favorábeis. Con pelos, nomes e sinais porque as xeneracións vindeiras teñen dereito a coñecelo, aborrecelo, e coidar por elo que a historia non se repita.

A CAIXA, AO SERVICIO DO COLONIALISMO

Deixemos para outro día as aventuras e desventuras que levaron á nosa Caixa á actual situación, por máis que se nos queira facer ver que os resultados xa son óptimos, cousa que discutiremos chegado o momento.

Centrémonos en como actúa unha entidade dirixida desde Madrid co consenso das nosas autoridades da UCD e máis dun partido que se chaman de esquerdas, qué lonxe quedan os pechos, as sentadas, as protestas e manifestacións ante situacións inxustas. Pensar que hoxe son máis de CEN millóns de pesetas os que todos os días nos levan de Galicia, dá arre-

pios. Con ben menos tiñamos o problema resolto, pero é que nen siquiera os fondos de libre disposición se invierten eiquí.

Moitas veces escoitamos de boca de certos directivos da Caixa, e tamén de banca, frases coma ésta: "Se a nós un cliente nos entrega dez mil pesetas, temos a obriga de administrarllas de forma que cando veña por elas as leve cun beneficio. Se invertimos esa cantidade nunha empresa que non nos ofrece garantías, malamente estaremos administrando ben os cartos do noso cliente". Tutua, tutua, asinten as comparasas.

A nosa primeira pregunta vai para eles -¿ofrézencille mais garantías certas empresas de fora de Galicia para as que se están enviando fondos desde Ourense?-

Se algun día se presentara a situación da Caixa, non estaría de máis dar o nome desas empresas, incluíndo algunhas deiquí, aínda que as cantidades non teñan comparanza. Cantidades que será mellor non se fale delas polo perigoso que poidera resultar.

Así é coma a un pobo, único propietario da Caixa, non se lle informa da súa xestión. Cecais cunha recoleita de firmas poidamos coñecer dados, coma por exemplo onde foron parar os 3.000 millóns de pesetas que hai pouco anunciaban para repartir entre os empresários e compradores de vivendas ourensáns, e a baixo interés.

Peró deixemos para outra vez preguntas aínda máis interesantes, e nas que tampouco se nos escapará falar de interbancários, prazos dos mesmos e danos para Ourense, aínda que se colocara un papel que non había por onde collelo.

CLAMAR NUN DESERTO

Pra defender a nosa pequena industria (en Ourense practicamente todo é pequena industria ou comercio), compre trocar certas estruturas na nosa Caixa. Mentras a nosa primeira entidade de creto esteña dirixida dende Madrid sabemos que é inútil apuntar certas solucións, aínda que vaia vostede saber se algun día teñen a resposta que mercen; exemplos non faltan noutras cidades, aínda que eiquí dá risa somente de pensalo; pero sabendo que con menso dos tres mil millóns de pesetas de marras se poden resolver grandes problemas na provincia, é posíbel que algun día se decida a facer algo pola súa terra.

A Caixa ten a urxente obriga de crear uns servizos técnicos especializados en tema de Dirección, Administración, Producción, Valoración de Activos e sobor de todo Comercialización que sepan ver a verdadeira viabilidade dunha empresa para que as garantías pasen a ser máis reais e menos infantís, na súa forma, ca as esixidas actualmente.

Peró non esquezámos que estes servizos deben poñerse de determinadas clases. Será preciso intervir certas empresas hastra que a súa normalización seña un feito ou será preciso aconsellar a máis dun empresário que se vaia para casa ou que asista a un curso de formación básica emprésarial, se é que quer colaborar neste desenrolo. Pero todo eso non se escapa do que hoxe ten de ser normal liña de actuación dunha entidade e de certas personas que están aí, pra algo máis do que agora están a facer.

Cando se vexan os resultados, é posíbel daquela abordar por propio convencemento outras fórmulas que hoxe non apon-tamos porque de certo que parecen utopía.

don augusto

XAQUIN MARIN





A VERDADE SOBOR DO CONFLICTO

Nestas semanas pasadas o porto da Coruña en conflito, sé que neste caso a situación acadou unhas formas peculiares. De principio, os armadores impediron que os barcos saíran a pesca para protestar a decisión gubernamental pola que lle tiñan que pagar á CAMPSA eles mesmos a subvención concedida no carburante, e máis tarde serialles devolta. Pero este problema pasou a segundo término coa nova suba do Gas-oil e agora din que se non se buscan solucións, moitos dos barcos terán de ficar amarrados definitivamente no porto.

Porén, os problemas máis graves ocorriron no fin do mes de Nadal, durante a folga convocada en todo o Estado pola OTP (Organización de Traballadores Portuarios), porque a situación do porto coruñés foi especial. Vexamos.

As cousas non estiveron craras desde un comenzo; dunha banda, decíase que o porto da Coruña non andaba en folga e, por outra, os armadores sacaban notas nas que acusaban aos estibadores de estar derrmándose o pescado. Co gallo de clarear estes feitos (e outros non máis

claros), chegamos o día 7 á Coruña para que saíra a información correspondente no número anterior. Foi imposible.

Negativas a falar por parte de estibadores que nos mandaban xunto do Delegado de Traballo. Toda caste de atrancos por parte deste señor e mesmo negativa a recebernos. A cousa escomenzaba a cheirar mal. Logo viñeron ameazas coma aquela de que "se seguía metendo as narices ia levar dúas hóstias" e, amáis, quedar sen elas, que no porto nada se perde, etc. O reportaxe, pois, non puido sair a semana pasada en vista dos atrancos pero, finalmente, pode ver a luz grácias aos representantes da OTP do Porto da Coruña que se aviñeron a falar connosco.

Os estibadores estaban enfadados coa prensa diaria pola información parcial de que fixo gala, silenciando moitas veces as suas notas, pero incluídas a grandes espácios as dos armadores. Houbo, polo mesmo, impedimentos para que os periodistas entraran ao recinto portuario e acaloramento con algún deles porque as informacións confundiron á opinión pública. Conmigo, non

obstante, unha vez identificado a coordinadora só tivo atencións. Polo demáis, estiveron presente cando pasaron lista no Porto Pesqueiro e poido decir que alí non se encontraba ningún dos ameazantes; asegúñen eles, e as averiguacións feitas despois, deberon de ser persoas das que realizan as faenas contratadas polos patróns e debido á súa posición, xa se rexistraran incidentes nos días da folga. Moitos son "chabolistas" e teñen montada unha pequena máfia derredor do porto con axuda dos armadores.

NON A PRIVATIZACION DOS PORTOS

A folga convocouse con máis de quince días de antelación, pola OTP xa que os seus representantes levan en Madrid perto dun ano á espreita de negociar cos armadores e os armadores non se presentaron nunca. O primeiro día de paro legal foi o 21 de Nadal, e o seu lema de "Non á privatización dos portos".

Os armadores e o Goberno queren que desaparezan os estibadores portuarios, encomendándolle este servizo a unha empre-



sa privada, así como diferenciar entre estibadores do porto comercial e estibadores do porto pesqueiro, co que conseguirían que cando non houbera traballo nun porto pesqueiro non poderían ir ao comercial nen a ningún outro porto europeo.

Os traballadores, pola súa banda, esixen a reforma das ordenanzas laborais, que desaparezan as tres autoridades do porto (Delegado de Traballo, Inxenheiro, Comandante de Mariña), crear unha OTP verdadeiramente democrática, e unha das solucións posibles é convertila nunha empresa estatal. No único no que todos están dacordo é en que a OTP é unha organización verticalista, baixo o respectivo Delegado Provincial de Traballo e que tén de cambear, pero o que armadores e Goberno pretenden é facela desaparecer, contratando cada barco aos seus propios estibadores, co que se aumentaría a explotación do traballador.

AS CONDICIIONS DO TRABALLO

E tamén andan a decir os armadores de que a soldada é moi grande, que se chegou a correr a voz de que cobraban nunha noite máis de cinco mil pesetas...

Pola contra, o salario real vén ser dunha média de dúas mil dúascentas por noite de traballo e en plena tempada veñen traballando non máis de vinte días ao mes, xa que van rotando. O traballo é do máis penoso que pode existir, puidémolo comprobar, estar metido catro ou cinco horas de noite e nunha cámara de conxelación, ou enchendo pescado xeado ao ventimpério da noite

botando todo o tempo dobrado, ademáis de verse na obriga de levar que coller pesos de máis de oitenta kilos. Aos cuarente anos, mulleres e homes, están, reumáticos crónicos e doentes totalmente de columna, e se non traballan, non cobran. Polo demáis, o traballo hai que facelo rápido, ás tres, ás catro da mañá; o barco quer saír canto antes, e ademáis, o estibador quer descansar un pouco para enganchar na descarga do bacallao cando o hai e pode.

O PAPEL DO DELEGADO, UN EMBARQUE

A situación é moi parecida en todo o Estado, pero na Coruña foi onde a folga revestiu características especiais. O Delegado de Traballo, xefe e representante dos estibadores, dende o primeiro momento estivo do lado dos armadores, trástocándolles os datos ao decírlles que ningún porto estaba parado, cando os propios traballadores estaban recibindo telegramas doutros puntos donde lles decían que o paro era total. El e o secretario foron os que pediron a intervención da policía, vinte e oito e vintenoventa días tensos no porto por culpa da súa intervención apoiando os intereses do capital, neste caso aos armadores. Patrullaban arreo polo medio dos traballadores, metrelleta en ristre, insultándoos con frases de todas as clases, como "fillos de puta, ídelas pagar todas, non vos vai quedar gana de facer outra folga..." e outras parecidas, segundo nos contaron. Representantes do comité de empresa viñanse obrigados a abandonar o porto polo tenente da policía con ameazas.





CRÍFICO NO PORTO DA CORUÑA

Estudantes, e xentes vida de fora descargaban os barcos protexidos pola policía.

O ENFRENTAMENTO COA POLICIA

O punto álxido chegou pola noite, cando os estibadores quixeron paralizar a descarga que contraviña a folga legal. Armadores, sicários pagos por estes e policías, a instancias do delegado de traballo, enfrentáronse aos estibadores, producíndose uns dez feridos por entrambas as dúas partes.

"Se non temos un pouco de cordura, a cousa puido ser moi grave", decíanos un estibador, "están afeitos a xogar con rapaces que escapan ao velos, pero co noso pan non van xogar iles".

Arrestaron a un traballador que non tiña nada que ver coa folga, xa que aos outros colléronlles medo, anque, eso sí, cando viron a un só, ia visitar ao arrestado, á comisaria, botáronlle a man e pasaron tamén para a cela.

"Mira, había case un ano que sabían cando ia ser a folga. Nós empezando en Madrid para negociar, e eles nada, ¿De qué se queixan? Ademais, se en dous días perderon noventa millóns como din, cando non gañan se todo anda ben; ¿para qué choran?. Porque ademais, sabes, descargaron bastante pescado dos barcos, daba gusto mesmamente ver a cinco armadores paleando pescado dun barco que non era deles, iste pescado, como era en vísperas de festas sinaladas, vendérono a moi bo precio, logo venderon o resto. Eso de que se lles estropeaba eran contos. Se está no barco quince ou vinte días, ¿non pode aguantar dous máis nas cámaras dos barcos? O peor é que os periódicos din o que queren e a opinión pública failles caso. Eu creo que hastra lles pudo ser rentábel a folga", falounos un traballador.

DOCE HORAS AO SERVICIO DO ARMADOR

Segundo estas mesmas fontes, o cotarro todo moveuno o Sr. Zapata, axudado por Tobio e Etxebers. Agora tentan pasar os barcos ao pincho, co que os estibadores non poderán descargarlos, farano os seus propios empregados. O Sr. Delegado de Traballo ditou unha orden sen consultar cos traballadores, no que di que


só poden traballar catro na descarga de cada barco, tendo que estar doce horas ao servizo do armador por mil setecentas pesetas. Esta é a xogada que teñen agora na man os armadores, apoiados polo Delegado de Traballo, que é, paradoxicamente, o representante dos traballadores.

Hai que facer constar o papel que xogaron centrais sindicais coma CC.OO., que se solidarizou coa folga e tentou sacarlle partido cando xa todo estaba en marcha, pero, sobor de todo a UGT. A xente da central socialista non foi á folga. O porto comercial da Coruña, cáseque o único porto onde tén presenza esta central, non se sumou á folga, e o mesmo fixo algunha xente no de Vigo. Os traballadores da Coruña afirmáronlles aos seus compaeiros da OTP herculina que consultarán a Madrid e que lles dixeran que nada de folga, que iles que traballaran, "y nosotros tenemos que hacer lo que dice Nicolás Redondo", seica foron as suas palabras.

A UGT sacaría máis tarde, cando se enterou do paro de todos os portos estatais, así como da solidariedade dos estibadores de toda Europa a non descargar ningún barco con bandeira española, un comunicado no que decía apoiar a folga.

Hai que facer constar, por último, que a OTP tén afiliados a doce mil dos trece mil estibadores rexistrados nos portos do Estado; estando, ademais, federada a nivel europeo con outras centrais da mesma índole.

ALFONSO EYRE



A ORDENACION DO SECTOR PESQUEIRO E A EXCEPCION DE GALICIA



ALFONSO SUCASAS

Parece ser que no sector pesqueiro deron o pistoletazo de saída de cara á súa ordenación. Así parece confirmarse a partir da firma das disposicións que sinalou días atrás o ministro Sánchez Terán. Nestas circunstancias estableceronse unhas pautas de comportamento que enmarcan e deslindan o contido dunhas liñas que manteñan a actividade pesqueira a partir da actual coxuntura.

Noustante, e a pesares dos incidentes que engloban o conxunto da problemática sectorial cabería decir que tentase solucionar tímidamente a falla dun reglamento e ordenación da pesquería, pois nos intentos até agora postos en práctica após as reunións da Comisión de Pesca do Mediterráneo e do Cantábrico, somente nunha delas, na primeira, se contaba con datos dos stocks, esforzo pesqueiro e un análise descritiva da realidade productiva.

No segundo caso, o Cantábrico, foi mais ben un novo encontro da Administración cunha parte dos administrados, alineados pola Comisión Permanente de Pesca do Cantábrico, que segundo asegurou no mes de novembro públicamente nas Xornadas de Pesca do "Crédito Social Pesqueiro",

o seu secretario (Paulino San Emeterio) "non se fixo ren", e hastra pouco máis ca afirmaría que era improcedente manter durante os seus anos de vida (naceu en 1973) a devandita Comisión. E decir, trátase de imprimir un novo carácter dinámico e restructurador, pero sen coñecer os datos básicos e imprencindíbeis.

Agora, e a pesares de que Galicia representa o 52 por cento da pesca de gran altura, o 25 por cen da do litoral, o 94 por cen da produción de parques de cultivo, o 100 por cen das baleas, e o 18 por cen das algas en canto á produción, téntase repetir a mesma operación na nosa Galicia nunha reunión vindeira a celebrar nos primeiros meses deste ano. Anté esta inminente convocatória, xurde unha pregunta clara e concreta, ¿qué vai pasar?.

A resposta, para ser eficaz no tratamento e ordenación das pesquerías, sería establecer un plan de pesca galego, pero as pexas son varias:

- Temos datos dabondo dos nosos recursos e stocks.
- Temos contabilizadas as unidades productivas.
- Temos establecidos os niveis de esforzo segundo artes e áreas.

- Temos sinalado os efectos de recuperación dos niveis de sobrepesca.
- Temos observacións dos niveis de rentabilidade económica e empresarial.
- Sabemos se a lexislación pesqueira resposta aos niveis actuais de funcionamento do sector.
- Sabemos se o degrau de cumprimento dos acordos vai ser respetado polos estamentos pesqueiros.

Estas e máis preguntas xurden coma agullas punzantes contra da Administración, pois sen datos, controles análises e cuantificacións, de pouco servirá reunirse "de novo, os de sempre", para facer un sinfín de bós propósitos, concienciar ao sector e brindar polos "augurosos" tempos que chegaran na década dos 80.

Volvo repetir que na Galicia actual aínda existe, posto que non se revocou, a Comisión Permanente de Pesca de Galicia, ou chamado doutro xeito o "Plan Pesqueiro de Galicia" (O.M. 11 Nadal 1971) sen que poidamos afirmar, coma no caso do Cantábrico, que fixera gran cousa pola ordenación da actividade pesqueira. Ou seña, que o exemplo de Santander nos dá pé a pensar con certo pesimismo do futuro da pesca costeira en mans da Administración, da que o obxectivo radica en "ordenar" a pesca de xeito "realizado", idea que, coma outras, non xurdiu precisamente da Própia Administración.

En definitiva, avisamos do que pode ser o futuro da ordenación pesqueira en Galicia, contando cos presupostos básicos do xeito dos que agora xogan en primeiro plano. Ou seña, que construír un mundo idílico require contar coas bases racionais e coñecidas, e estudadas as implicacións e repercusións no caso dunha utilización en termos cuantificados.

FERNANDO GONZALEZ LAXE.

CARLOS CASARES E O RECHAZO DO GALEGO

RAMELGA

O profesor Carlos Casares nun artigo publicado en "La Voz de Galicia" o día 30 de nadal de 1.979, co título de "Rechazo do galego", analiza os perxucios que existen en contra do mesmo debidos, segundo el, ademais de ás causas tantas veces citadas, a ignorancia e a "non articulación do galeguismo reformista nun partido político operativo e moderno, que deixou a bandeira das reivindicacións galegas nas mans dos nacionalistas revolucionarios".

Acusa aos que identifican a defensa do galego coa demagogía e o simplismo, reclamando irresponsábelmente a imposición decontado do ensino galego, "despreziando como antipatriótica e traidora toda consideración que non coincida cos seus desexos".

Declárase "do parecer de que a recuperación do galego carece de sentido se non nos fixamos como meta a longo prazo o unilingüismo sociolóxico de Galicia e o bilingüismo de todos os galegos: que todos volvamos ao galego como a nosa primeira lingua e que ao mesmo tempo teñamos a obriga legal de saber o castelán. Consecuente con esta idea, hai anos, desde antes que chegara a democracia, que dou os meus cursos de bachillerato en galego".

Sal ao pago de quen, con iluminismo máis místico que político, xeran e poden xerar aínda máis no futuro un rexeitamento do galego por parte de quen non debía rexeitalo, por pretender implantalo aplicando un tratamento de choque brutal e pola forza. Coida que é parcialmente posíbel estudar en galego as matemáticas, a bioloxía, a filosofía ou a historia, pero pregúntase "¿Cómo, en qué circunstancias, con qué profesorado, baixo qué condicións, con que plans?"

Para afrontar o problema propón debates abertos, estudos serios e a colaboración das autoridades competentes, que son as responsábeis de que a esperanza que agora se abre non se frustre unha vez máis. "As manipulacións dos perxucios e a orquestración solapada en contra do profesorado, deben evitarse, pois non farián senón dar a razón aos demagogos que para sobrevivir necesitan demostrar que somentes con eles se está na razón".

Sobre este artigo temos que decir:

1) Que se refire, non ao ensino do galego como asignatura, sobre o cal non hai maior problema, senón ao ensino en galego, é dicir, utilizando esta lingua como vehículo de comunicación para explicar outras materias.

2) É certo que moitas veces a oposición ao emprego do galego é debida a ignorancia, pero esquece de dicir o Sr. Casares que o máis grave non é a ignorancia, da que se pode saír coas debidas clarificacións e debates, senón que o máis grave é o manexo desta ignorancia e do complexo de inferioridade dos galegos sobre a súa propia lingua por parte de individuos de ideoloxías ben definidas e que, polo menos na teoría, non deberían tela. Claro que poderíamos sempre dicir que, en última instancia, obran por ignorancia do mesmo xeito que tamén o fan os partidos estatais, que non defenden os intereses de Galicia e que só por eso tantan aplicarnos o seu programa político. Pero así non hai maneira de entendernos.

3) Acha en falta a existencia en Galicia dun partido po-



lítico de cariz reformista, moderno e operativo, esquecendo que non é problema de existencia de partidos, e cobren xa todas as opcións posíbeis e cicais aínda máis, senón de concienciación política do home galego, que non é capaz de discernir cales son os partidos que defenden os seus verdadeiros intereses.

d) Recoñece e láia-se de que as reivindicacións galegas esteñan nas mans do nacionalismo revolucionario co que él, ao parecer, non simpatiza e ao que quer culpar de demagogía e simplismo. Sen dúbida que a análise política que fai o Sr. Casares é simplista dabondo e cicais faría mellor non meténdose neses terreos nos que demostra unha inxenuidade case propia de seres anxelicos.

e) Fala da irresponsabilidade coa que se reclama a imposición decontado do galego, esquecendo ou mellor ignorando que, sen entrar no problema de se algunha persoa o fai, o problema non está neste intre plantexado nestes termos, senón que o único que pide o movemento de normalización do galego no ensino neste intre é que se deixe ensinar en galego, sen ameazas de sancións aos que, coma o mes-

mo Casares, o están facendo. Non se reclama nen moito menos que todos os ensinantes empreguen o galego agora mesmo. Se ben coidamos que a solución do problema lingüístico en Galicia pasa pola galeguización progresiva e sen discontinuidade a todos os niveis.

f) Dí que é posíbel estudar **parcialmente** certas asignaturas en galego, esquecendo tamén de dicir que non hai problema ningún de tipo pedagóxico que se opoña a un ensino totalmente en galego nas mesmas. Non creo que o Sr. Casares se vexa obrigado a dar unha parte da materia en galego e outra en castelán ou a uns cursos nunha lingua e a outros noutra, polo menos nas asignaturas que cita.

g) Dí que o que se poida impartir as clases en galego depende de **¿cómo**, en qué circunstancias, con qué profesorado, baixo qué condicións, con que plans? Ao parecer, o Sr. Casares fai agora unha salvedade consigo mesmo, xa que se considera competente para impartir as clases en galego (¿someteuse a exames previos?), pero ao mesmo tempo constitúese en Xuez, xa que con respecto aos demais, para concederlles autorización, hai que deixar ben sentado en qué condicións o van a facer e se son competentes. Noutras palabras, cecais que os da Comisión Mixta se quedasen cortos en poñer atrancos.

h) Propón debates abertos, estudos serios e colaboración das autoridades. Esquece ou ignora o Sr. Casares que debates abertos xa os houbo con anterioridade a que el escribira a carta e que quen non os quere é a autoridade competente xa que a Inspección e a Comisión Mixta negáronse a participar neles o día 19 de nadal, en que se celebrou unha mesa redonda arredor do Decreto de Bilingüismo e a problemática orixinada neste curso verbo da lingua, pesie a estaren convidados.

En canto á colaboración das autoridades competentes **¿coida** o Sr. Casares que o Ministerio de Educación e a Comisión Mixta están colaborando para implantar o galego dun modo racional? **¿Considera** que é lóxico que, se realmente estivera tentando solucionar o problema, viñese agora a publicar un decreto no que deixa fora da lei precisamente aos que viñan impartindo as clases en galego nos cursos anteriores, como lle pasa a el mesmo? **¿Coida** o Sr. Casares que os organismos citados están lexislando para que entremos na legalidade, e non máis ben para que choquemos contra ela e non poidamos continuar na nosa laboura? Para ensinar hoxendia en galego, segundo a normativa recén, hai que pedir o parecer do Claustro de Profesores, da Asociación de Pais, adxuntar os títulos que habilitan para esa tarefa e, por último, se un neno se opón a que se ensine en galego, hai que facelo en castelán inda que todos os outros alumnos prefiran o galego.

Coido que aflorou outra vez a inxenuidade política do Sr. Casares que, ademais da desinformación na que se atopa, constitúe un handicap podíase ca insuperábel para entender as 1) Non aforra calificativos no seu artigo, o que demostra que quer pechar ben o ano. De novo parece volver a referirse aos que reclaman a imposición decontado do galego e califcaos de bárbaros e demagogos.

mostra de outono

ARTISTAS GALEGOS PARTICIPANTES



Abelenda
X.M. Acuña
Alexandro
Rafael Alonzo
Abreu Bastos
Baltar
Blanco Casal
Elvira Blanco
Buciños
M. Busto
Caballero
Camaño Xestido
M. Jesús P. Carballo
Victor Casas
Jorge Castillo
Castro Couso
Xosé Cid
Colmeiro
Comesaña Cobelo
Ramón Conde

Victor Corral
Alfonso Costa
Felipe Criado
A. Datas
Diaz Fuentes
Deside R.
Diaz Pardo
Eiravella
Perfecto Estévez
Suso Fernández
Elena Gago
Xurxo Fernández
Alfonso Gallego
García Rivas
Armando Guerra
Amando González
González Pascual
Huete
Anselmo Lamela
Laxeiro

Lodeiro
Lugrís Vadillo
Blas Lourés
Mantecón
Ana Martínez Pasarín
Naquín Marín
Xulio Maside
M. R. Moldes
Xusto Moreda
B. Moreiras
Monroy
Morquecho
Xoan Oliveira
Enrique Ortiz
Pacios
Antón Patiño
Reimundo Patiño
Xosé Luis Penado
Airichu Pereira
Pesqueira

Xoan Piñeiro
C. Pol
Prego
Antonio Quesada
Silverio Rivas
Rivas Briones
Manolo Ruibal
Miguel Saco
Felipe Senén
Antón Sobral
X. Sobreira
C. Sobreira
Alfonso Sucasas
Manuel Torres
Vidal Souto
Vilanova
Fiz Valcárcel
Xesús Vázquez
Xuxo Vázquez
Vázquez Diéguez

En Ourense

Do 22 de Nadal
ao 19 de Xaneiro
do 1980
no Liceo
Recreativo
Ourenzano

En Lugo

Do 20 ao 26 de Xaneiro
no Circulo das Artes

ESPAÑA

A VIAXE DO PRESIDENTE SUAREZ



José Luis G. Labandeira

En médio da tensión internacional provocada polo desenrolo dos acontecementos no Oriente Próximo, tensión que tén xerado unha forte campaña de prensa atacando a actuación da URSS no Afganistán, e unha non menos grande ofensiva que vai dende o terreo diplomático e económico, encabezado polo Goberno dos USA e secundada polos de todos os países occidentais máis China, resulta que o Presidente do Goberno dun dos poucos países do Occidente europeo que aínda non está na OTAN, o español, realiza unha sorpresiva viaxe a Washington.

Verbo do feito rexistrouse a falla da máis e coherente información oficial, unha chea de rumores e reaccións, que van dende a acusación de Felipe González, apoñéndolle ao Goberno o realizar "unha política escurantista", ao comentáριο cabreado ou irónico ou o silencio de certos sectores perto da UCD, que, perante a evidencia de feitos do significado deste, non dan máis que calado ao principio, e logo citar "fontes ben informadas" para aseguraren que Suárez non foi para lle ofrecer a Carter as bases militares americanas para as utilizar no caso dun conflito bélico. Así e todo, é moi doado máxinar de qué faláron o Presidente e máis o seu ministro Oreja con Carter e os seus asesores, nun intre en que unha crise militar non parece lonxana no tempo, xusto no Extremo Oriente do Mediterráneo. Un comunicado oficial, cheo coma sempre de lugares comúns, non di moito, agás cando se refire a que "...O Presidente e o primeiro ministro estiveron dacordo na necesidade de reforzar a seguridade occidental e de expresala en medidas concretas...". Se cadra faláron de mesmo tema sobre o que publica un artigo a "INTERNACIONAL DEFENSE REVIEW", firmado por un feroce coronel do Exército do

Ar español, no que se afirma que "España debe utilizar a súa situación xeoestratéxica, e que non debe seguir a adoptar unha actitude pasiva".


DEPOSITADA A FIANZA PARA SEGUIR A QUERRELLA SOBRE HERRERA DE LA MANCHA

O pasado día 14, depositouse a fianza de tres millóns de pesetas que o xuez esixía para que 36 abogados puideran participar na querella presentada por maos tratos dos funcionarios da cárcel de Herrera de la Mancha aos presos alí internados. Os cartos recolléronse mediante empréstitos, donativos e celebración de festivais adicados a este fin, e os abogados querellantes agardan agora que a acción xudicial seña máis doada, xa que mesmo se tén dado o caso dalgún preso que baixo supostas coaccións chegou a retirar a súa denuncia.



EUSKADI

A ASCENSIÓN CARA AO PARLAMENTO BASCO



A confirmación da data do 9 do marzal para as eleccións ao Parlamento Basco foi a nota política do panorama de Euskadi, ao mesmo tempo que o tema da policía autonoma basca choutaba aos médios de comunicación do Estado a raíz da morte do comandante Velasco pola pola militar de ETA.

O PNV, como partido maioritario, vén de impoñer o seu criterio de levar ao cabo unhas eleccións ao Parlamento Basco o antes que se poida, a pesares das reticencias do PSE e UCD. E será con motivo destes comícios cando se albisquen as verdadeiras consecuencias do enfrentamento entre os dous sectores do PNV, a pola "progresista" capitaneada por Arzallus e os "sabinianos" de Antón Ormaza. Só despois da assemblea nacional do partido, prevista para o día 26, na que se configurarán as listas de candidatos, vaise saber o peso real de cada un dos dous sectores. Polo que respecta aos demais partidos políticos, o panorama é máis lúcido, no senso de que todos os rumores encol das futuras listas apuntan a nomes totalmente previstos de antemán.

H.B., SEN PREVISIONS

Nembargantes, é na coalición Herri Batasuna onde están as maiores incógnitas. A pesares das negativas oficiais arreo por parte dos portavoces do organismo os comentários arredor dunha marginación dos partidos ESB e LAIA cobran cada vez máis forza. Son previsíbeis, tamén por fin, as disensións no seo desta coalición á hora do nomeamento de candidatos ao Parlamento. E no fondo da cuestión radica quizabes a pretensión de ESB de afastarse da dinámica que HASI, co vissto bo da rama militar de ETA, impoñería na coalición.

De calqueira maneira, todo parece indicar que o panorama que se lle presenta a Herri Batasuna non é tan esperanzador como se puidera pensar despois dos éxitos nas pasadas eleccións municipais. De todo isto, asegúñ certos observadores, podería beneficiarse Euskádiko Eskerra, coalición que non coñeceu nos últimos meses ningún tipo de conflito interno e que electoralmente compite polos votos afíns a Herri Batasuna. Euskádiko Es-

kerra conta, nembargantes, nestes momentos, co "handicap" de que unha das súas cabezas visíbeis, Mario Onaindia, debe comparecer a xuicio diante da autoridade militar, baixo a acusación de inxurias ás Forzas Armadas; o proceso é consecuencia dunha esquela publicada nun periódico basco na que, asegúñ a acusación, calificábase de asesinato o ametrallamento de dous militantes da pola político-militar; hai dous anos en Itxaso.

O ATENTADO DE ARABA

No que lle toca á morte do comandante Velasco, hai que dicir que serviu para poñer en entredito, polo PSE e UCD, a postura de condena do PNV, calificada por estes de tímida, ao tempo que perante os anúncios arreo de que este atentado viña supoñer o primeiro ataque contra da policía autonoma basca, os "milis" téñense apurados a contestar que a súa acción non ia destinada a tal fin, senón a "limpar de elementos fascistas" o que vai ser a futura policía basca.

MAIALDE

Riño

foto-cine



Santo Domingo, 9
Tfnos.: 225461-224458

LUGO

CORCEGA

O ESTOUPIDO DOUTRO NACIONALISMO EUROPEO

J.J. NAVARRO
LLATZER MOIX

Nestas semanas últimas, a tensión que latexa entre o Estado francés e as correntes autonomistas e independentistas da illa de Córcega marxou un novo e dramático fito, con dous días de conflitos que se saldaron cun balance de dous cidadáns e un policía mortos, o secuestro de dazaseis hóspedes dun hotel e sérios enfrontamentos na rua.

As tensións empezaron co secuestro de dous militantes da organización dereitista e pro-francesa FRANCIA por parte de membros do Frente Nacional para a Liberación de Córcega (F.L.N.C.), de tendencia independentista e declarado fora da lei polo Goberno francés.

O grupo FRANCIA é de aparición recén en Córcega, e inda que non é legal, a meirande parte dos poboadores da illa (que segundo encuesta recén do moi conservador diário parisino "France-Soir", desexa a "autonomía" nun 60 por cen), considérano tácitamente fomentado polas autoridades de París.

MOVILIZACIONES POPULARES
PARELLAS

Ao día seguinte deste secuestro, outro comando do FLNC presentouse nun hotel de Ajaccio, capital da illa e pasou a gar-

dar en calidade de reéns aos dazaseis hóspedes que había no establecemento. En troques da súa liberación, desexaban que saíran en liberdade varios dos seus compañeiros presos en cárceles francesas após un xuízo celebrado o vran pasado, no que se lles condenou a durísimas penas de entre oito e quince anos de prisión.

Ao tempo, producíanse na rua manifestacións autonomistas e independentistas de grande participación, durísimamente reprimidas polas forzas especiais de Policía que o Goberno francés tén destacadas en Córcega, e que se viron notábelmente reforzadas por novos efectos traídos por vía aérea dende Niza.

Nas manifestacións, un mozo non identificado disparou contra dun dos axentes, a policía disparou dúas veces, e sen previo aviso, contra de senllos automóbiles. Consecuencia deste, morreu o conductor dun deles e unha rapaza que viaxaba no outro.

O secuestro dos hóspedes do hotel finou pacificamente, ao teren os membros do comando do FLNC ceibado aos seus reéns e marchado cunha bandeira corsa desplegada hastra a "Préfecture de Police" de Ajaccio, na que se entregaron. Un dos dous militantes do FRANCIA tamén saíu ceibe, pero non o outro, Pierre Bertolini, considerado o principal líder do grupo pro-francés.

DE FONDO, PROBLEMA
POLÍTICO

Este novo estoupido de violencia en Córcega non é máis que un novo asalto da longa loita que sosteñen os grupos corsos contra do poder francés.

O rexurdir do nacionalismo en Córcega, un dos territorios máis subdesenvolvidos e abandonados do Estado francés, empezou hai coma dez anos, e hoxe día os seus portaestandartes agrúpanse arredor de dous grupos: o devandito Frente Nacional para a Liberación de Córcega, ilegal e partidario da independencia absoluta, e a Unión do Pobo Corso (U.P.C.), legalizada polo Goberno francés e que se define autonomista.

Entrambos grupos sítense identificados con outros movementos e partidos nacionalistas europeos, coma os de Gales, Escocia, Bretaña, Galicia, Euskadi e os Países Cataláns.

Para o Goberno de París, o problema de Córcega, deica agora, non leva tido máis que un tratamento represivo e policial, pero é evidente que a corrente autonomista na illa é a cada volta máis forte, e que aquí en diante vaielles ser imposible ás autoridades francesas o simultanear o abandono socio-económico en que fica a illa co perpétuo aprazamento do seu problema político.

CUBA, AOS 21 ANOS

XOSE M. BLANCO

"Se trata, antes que nada, de eliminar las relaciones de desigualdad entre el mundo capitalista desarrollado y el mundo subdesarrollado, que no sólo son injustas, sino que son ya insostenibles"

(FIDEL CASTRO, na reunión ministerial do grupo dos 77 para a III ONUDI).

O 21 cabodano do trunfo da Revolución Cubana inda está recén. Alén as seculares relacións Galicia-Cuba (pensemos en emigrantes coma Curros ou na mesma orixe familiar de Fidel), alén o carácter xa clásico de Cuba de "espiña cravada no corazón do imperialismo norteamericano", o camiño que ficou aberto para os países colonizados e dependentes ben xustifica unha referencia devagarada da que foi a primeira victoriosa loita de liberación nacional na América Latina contemporánea.

E para comprendermos a evolución que levou a tal, forza é o se un referir, a forma de síntese á evolución histórica da comunidade cubana.

Dende o desembarco de Cristóbal Colón (27 de outubro de 1492) á fundación das primeiras cidades, pasan 18 anos. Diego Velázquez, ao tempo que realizaba a ocupación da illa, fundaba Santiago de Cuba, Bayamo, La Habana e outras, e ao tempo, reducía aos indios a traballos forzados, por mor de explotaren a gran riqueza mineral de "La Española". E así como pola metade do século XVI a poboación autóctona desaparece como raza, e chegan os primeiros escravos africanos, compoñente racial fundamental na futura comunidade cubana.

E así, nos séculos XVI e XVII, vaíse desenrolando a dinámica de enfrontamentos: internos, entre explotadores e explotados, e externos, entre metrópoli e colonia. A mestura de razas e o desenrolo social é causa da aparición do grupo que será protagonista da loita pola independencia: os creoulos. A política mercantil española, canalizada a traveso da Real Compañía de Comercio, impón prezos moi baixos para as materias primas (zucro, tabaco, pelexos...) que venden os produtores creoulos, e pola contra, véndelles os artigos de primeira necesidade a prezo de ouro. Após a ocupación de La Habana polos ingleses (1762), na que o "criollaje" pón a proba a súa combatividade, e aparecen os seus primeiros dirixentes (José Antonio Gómez), os españois van axeitar os esquemas da explotación colonial aos so Despotismo Ilustrado: trátase de obter o cambio económico sen a revolta popular con que se acompañou noutros lugares. E así, chega o século XIX e o madurecemento da conciencia nacional. E a contradición colonia-metrópoli, agudízase.

E o que tiña de pasar, pasa. O 10 de Outubro de 1868, o abogado Carlos Manuel de Céspedes fai a primeira declaración da independencia. Após dez anos de guerra, o Pacto de Zanjón trae unha tregua... decia 1895, que José Martí, que xa creara o Partido Revolucionario Cubano (independentista) volve empezar a guerra, morrendo en combate. E xa as tropas mambisas, a mando de Antonio Maceo e Máximo Gómez, teñen case gañada a guerra, cando outra potencia imperialista vén ocupar o sitio de España: USA. ocupa a illa, e non é deica 1902 que se proclama a República Cubana, unha República hipotecada por unha cláusula constitucional, a "Enmienda Platt", que recoñece para USA o "dereito" de intervir no país cando lle parecera. Como fixo en 1906.

A partir desa, o neocolonialismo americano, fidelmente servido por unha oligarquía local entregada os intereses do poderoso "amo", é quen controla política e economicamente a vida de Cuba. Os diversos gobernos son instrumentos "yankees", sobranceando o dictador xeneral Machado, que goberna dende 1925 a 1933, en que cai derrocado pola presión popular. E ao tempo que a dominación imperialista se axeita aos novos tempos, a organización da clase obreira e as clases populares, tamén: en 1925 nace a Confederación Nacional Obrera, e no mesmo ano o líder estudantil anti-imperialista Julio A Mella funda o primeiro partido marxista-leninista.

Todo vai de cara o enfrontamento final. Após a Pentarquía (1934), os americanos e o exército, encabezado por Fulgencio Batista, dan un golpe de Estado. Despois da II Guerra Mundial, coa nova faciana do mundo capitalista, téntase instaurar un réxime democrático-burgués. Pero, após varios gobernos, Batista volve dar outro golpe de Estado.

O desenlace vén ás carreiras. O 26 de xullo do 53, comandos ao mando do abogado Fidel Castro Ruz asaltan os cuarteis Moncada e Bayamo. E cando Castro, preso de Batista asume a propia defensa en xuízo e le o sonado "La Historia me absolverá". E chega o desembarco do "Gramma", a loita de Sierra Maestra, secundada polos movementos de masas e estudantís nas cidades, as campañas de Santa Clara, Las Villas, etc., de Camilo Cienfuegos e Ernesto "Ché" Guevara, e a toma do poder, o 1 de xaneiro de 1959. Dous anos despois, nas vísperas da desfeita da invasión mercenaria de Playa Girón, o 17 de abril de 1961, proclámase en La Habana o carácter socialista da Revolución. Cuba, por fin, conseguía o obxecto de case un século de loitas: ser dona compelta de sí.

NA MORTE DE LENIN



O día 21 de xaneiro do 1924 morría na URSS o máis significado dirixente e ideólogo da Revolución de Outubro, Vladimir Ilich Lenin quen definira ao imperialismo como fase última do capitalismo ou a concepción do Estado socialista, entre innumerables aportacións ao campo do marxismo.

ATALLEMOS O DESGOBERNO NA CAZA

A caza, preocupación de moita xente no noso país, non o é, porén, dos poderes públicos, que a sumiron nun verdadeiro desgoberno; quizabes por isto, a algúns ocórresennos maneiras de atallalo, maneiras posibles, na nosa opinión, para rexer a caza, e que imos expoñer.

O primeiro aspecto sería a necesidade dun organismo autónomo, unha federación de cazadores galegos que tería a súa base na parroquia:

1. Na parroquia funcionaría un comité formado polos cazadores do lugar.
2. Cada parroquia tería o seu representante no Axuntamento, elixido entre todos os membros.
3. Cada Axuntamento tería o seu na Federación, elixido entre os representantes parroquiais.

A misión do comité sería informar ao seu representante municipal para que faga chegar á federación as necesidades cinexéticas do lugar, zonas de posíbel repoboación, carestía ou non das pezas, refuxios, etc.

En canto a Garderías, en cada axuntamento habería un garda para mirar de que se respetara a lei cinexética emanada da Federación, que tería que traballar, man con man, cos comités parroquiais, veladores da caza e compañeiros no esforzo en levar adiante o asunto.

Por outra banda, a Federación, con xurisdicción real no espacio cinexético, reservaría e potenciaría as necesarias zonas acotadas para cría de pezas con destino á repoboación. Algunha zona destas xa existen (Os Ancares) e poderíanse ampliar, percorrendo sempre os puntos máis axeitados tanto para o cazador como para os labregos; e neste senso, coidamos que as zonas de montaña serían as millores.

En relación con aves e animais dañinos, os comités parroquiais serían os encargados de facer chegar ao organismo federativo, polas canles devanditas, as necesidades de control, sempre dacordo co máximo respecto ás nosas especies. Ningunha perdiz, lebre ou coello debe ser máis im-

portante que un miñado ou un raposo, son parellos e debemos tentar de que sigan entre nós cunhas lindes axeitadas.

IMPOSTOS E FINANCIACION

Chegados a iste punto -quizabes máis polémico- pensamos que á caza cómprelle un imposto de luxo, sen que queiramos dicir que o sufrague o propio cazador, senón os que negocian coa caza, o "restaurante" que a serve ou ben o feirante que a revende no posto da plaza ou da tenda.


Xa no aspecto de como financiarse a Federación, tería de ser a traveso das cuotas dos seus asociados, os cazadores galegos, e en contrapartida, expediría as licencias e fixaría as indemnizacións aos labregos, dacordo cos seus organismos representativos, e abofé que non coidamos que fosen estes os primeiros en poñer dificultades. No tocante á gardería, podería ser financiada a partes iguais pola Federación e máis polo Estado poisque cumpriria unha laboura dobre: vixiar a caza e mirar polo monte. Contabilizárase, aínda, no apartado de financiación, as cuotas polo imposto de luxo.

Para rematar, e tendo presente o dito, o monte non podería coutarse privadamente. Na miña opinión, non estou dacordo con quen afirme que a caza ten que ser dos labregos, moito menos cos que pensan que as ruas só son dos da cidade. A caza é de todos os cazadores, aínda máis, de todos os que nesta Terra somos e estamos, cazadores ou non. É un beneficio público do que todos debemos ter o dereito de participar.

Coido, coa man no corazón, que temos diante nosa, cazadores galegos, unha tarefa sinxela pero firme, de coñecemento e de escomenzar a labourar todos a eito. Sei que estas verbas recollen moitas imperfeccións, pero como dixeran ao principio, tento que seña unha porta aberta na que caiba a vontade dos cazadores galgos desexosos de amañar este desgoberno.

Francisco Salvado Bóo

O ATLETISMO FEMENINO EN GALICIA: SEMELLA QUE O TEMPO NON ANDA



Facer deporte en Galicia é sempre unha loita do individuo cara centos de atrancos que privan a afición e fan medrar a indiferencia. Témo-lo contrastado nestas mesmas páxinas deportivas do noso periódico con xente que deu chegado, apesar de todo, á meta para deixar ven alto o nome de Galicia nas competicións do estado español e aínda internacionais.

Flor Guzmán, hoxe nai de dous fillos, profesora de E.X.B., foi alá polo ano 66-67 unha rapaza de dazaseis -dazasete anos que competía, pésia todo tamén, nas xuntanzas atléticas que daquela facíanse aínda con máis esforzo e menos interese que hoxe. "Dediquéime dous anos a correr e fixen o record galego dos cen metros lisos, a só catro décimas do record español; tamén fun record nos douscentos metros foi mágoa que por incompatibilidades de familia tivese que deixar algo para o que, coido eu, estaba ben dotada e máis que esperanzada cando aos dazaoito anos dixen abur a todo isto".

¿Cómo e cando faciades deporte?

No campo de San Pedro, en Marín, nunhas condicións ben pouco favoráís e sen ningunha axuda; entrenabamos tres días pola semana, de volta das clases en Pontevedra. Tiñamos que subir dous kms., chuvia e vento non privaban. Daquela, algunha xente de Marín deu en falar tabernariamente de que como non había duchas para todos, as mulleres e máis os homes duchábanos xuntos; e dígoche isto para que vexas un dos exemplos das mentes reviradas daquel tempo escuro.

¿De qué xeito se organizaban as competicións?

Facíanse por trofeos: as casas comerciais daban os premios e corrian coa promoción das probas. Tamén se corria en Vigo, todos os domingos, para superar as marcas ou bater algun record, isto xa o facía a federación

viguesa, no estadio de Balaídos. ¿que cousas se botaban de menos no atletismo galego de entón?

Todo, botábase todo de menos. Non tiñamos material nen espacios axeitados para correr. Tan só a grande axuda dos preparadores; no meu caso débelle moito a Méndez (que aínda hoxe gaña en competicións para veteranos a nivel do estado), e de Mário, bon preparador tamén.

¿Cómo e de onde xurdían as mulleres aficionadas a este deporte?

Moito por casualidad. A min invítome unha amiga a coñecer todo aquilo; fun competir nunha proba e gañei; entón xa collín afición e fun para adiante. Cando deixei o atletismo, o club foi esmorecendo até desaparecer e a xeneración seguinte non chegou a callar nas súas metas, non se sabe por falta de xente ou se por falta de esforzo.

¿Cal é a tua crítica sóbor da participación ou o desinterese das rapazas galegas no deporte?

Hoxeendía non estou moi atenta á marcha competitiva. O que sí podo dicir é que nos colexios de E.G.B., que coido é onde ten de facerse o mellor proveito no aprendizaxe, non se fai nada. E máis, todos os meus intentos de facer algo ficaron valeiros por non atopar endexamáis axuda e ser tomado a cachondeo, empezando xa polas clases de xinásia.

¿Coidas entón que na E.X.B., no B.U.P. e nas distintas escolas de ensino medio é onde ben estar a chave dun mellor aproveitamento?

Sen dúbida algunha, certo. ¿Cómo se portaba con vós a federación galega daquel tempo?

Só podo dicir que polo que a min fixeron, nen material, nen dietas nen sequer unhas recompensas mínimas e... o que é peor, de promoción, nada de nada.

¿Qué rastro deixa o atletismo nunha muller que xa é nai?

Lembranzas, moi boas lembranzas dos compañeiros; e ningún rastro de deformidades, como mal intencionadamente se ten dito; e na muller casada unha grande axuda na hora feliz da maternidade.

¿Qué sabes da mocidade galega que fai nesta hora atletismo?

Sei o pouco que din deles os meios de comunicación, sempre cativos á hora de loubar e por axudas a prol de conseguir unha maior afición e estímulo.

Dinos algúns nomes destacados do atletismo feminino galego de entón.

Do meu equipo: Tere Villanueva, en peso; e en vallas, Rosa María Rodríguez. Xa doutros equipos, a velocista Anxeles Mandado; a fondista Marisa García Pena, campeona de España.

O dito, semella que o tempo non anda.

Pintor.

© ENSINO

revista galega de sócio-pedagoxía

edita: promocións culturais galegas

Resulta importante ter moi en conta, o non tratar de lles impoñer cedo de máis aos nenos o que en medicina chamamos control de esfínteres, control que existe dos cativos unha madurez afectiva e fisiolóxica progresiva e determinada, nen moito menos impoñerllo baixo a forma de aprémio moral; facéndolles sentir vergoña, reprendéndooos ou castigándooos.

SEXUALIDADE INFANTIL (III)

Os outros estádios do desenvolvemento sexual do neno. Cando ten un ano máis ou menos, o neno acadará un maior desenvolvemento neuromuscular, e sen deixar de lado o pracer percibido pola "zona bucal" (o estádio oral do que xa falamos), encetarase sensíbelmente a prestarlle máis atención a "zona anal". É a fase que os psicoanalistas dan en chamar fase "anal-sádica", e que constitúe o primeiro signo do erotismo anal, traducido nun goce sexual que acompaña a defecación. Nesta fase o neno empézalle a dar a outra persoa os produtos do seu corpo que pra el constitúen partes do seu corpo, tal como nos di Karl Abraham na súa obra **Desenvolvemento da libido: formación do carácter**. Estes produtos están embebidos dunha sobrestimación narcisista. Resulta relativamente doado de comprobar como o neno que pasa de colo en colo entre os membros da familia, molla sempre a unha determinada persoa, despois de facer unha escolla misteriosa. Segundo unha expresión popular, o neno que mexa na saia da súa ama de leite pagarilla así o leite dela recibido. O que pasa normalmente é que os pais non sempre se decatan de que este regalo, quizabes pouco presentábel, é unha manifestación de amor do seu fillo.

O neno síntese moi orgulloso da súa obra; ten a sensación de que creou algo que estima como unha parte importante do seu "Eu". Por iso non é de extrañar cando vemos aos pequenos xogar a curiosos concursos, como p. ex. "a ver quen fai a caca máis grande" ou "quen ten a mexada máis longa".

Destes feitos resulta importante ter moi en conta, o non tratar de lles impoñer cedo de máis aos nenos o que en medicina chamamos control de esfínteres, control que existe dos cativos unha madurez afectiva e fisiolóxica progresiva e determinada, nen moito menos impoñerllo baixo a forma de aprémio moral; facéndolles sentir vergoña, reprendéndooos ou castigándooos. Estes medios represivos arriscan transformar unha proba que debe ser un exercicio de realización e de tenrura nunha experiencia de fracaso. É necesario, pois, agardar que o neno esteña preparado afectivamente para logo inicialo no aprendizaxe



do aseo. O neno pode reaccionar normalmente, pregándose ás esixencias da nai para contentala, ou ben opoñéndose por medio de deposicións repetidas ou dun estreñimento obstinado, se as relacións entran abertamente en conflito con ela.

Freud, nos "Tres ensaios sobre teoría sexual" di "que os nenos que utilizan a excitabilidade eróxena da zona anal evidéncianse porque reteñen as súas materias fecais hastra que as mesmas, ao se amorearen, producen contradicións musculares violentas e logo, ao pasar polo esfínter anal, provocan unha viva excitación sobre a mucosa".

Así as cousas, e en palabras da Doctora Françoise DOLTO, "ao neno comprenlle os anomeados sustitutos: eses obxectos extraños que nesas edades leva sempre con el e que ninguén poderá tocar sen provocar a súa rabia, os seus caprichos; somentes el ten o dereito de vida ou morte sobre deles, ou seña, de aferralos entre os seus brazos ou de rompelos ou tiralos (nunha palabra, de darlles ou non existéncia: como os seus excrementos).

Non nos debe, pois, solprender o pracer que os nenos experimentan cando xogan co barro. É un gozo efímero que compensa o que se procuraban cos seus movementos intestinais. Tampouco nos debe inquedar o que algúns nenos, cando se deixan soíños enchan as súas mans do contido do seu pénico, embebéndose concienzudamente. A certa idade todos os pequenos xogan en maior ou menor grao coas súas deposicións. Este pracer é normal. Un pouco máis tarde, evolucionará e converterase no de xogar coa terra, coa auga ou facer flans na area. Non hai dúbida de que isto será máis presentábel, pero fisiolóxicamente tera a mesma significación.

Que o pequeno xogue coas súas feces ou con terra non é ningunha anomalía. Somentes a persisténcia deste pracer, no neno máis grande, deberá sijnor que unha etapa da evolución aínda non foi normalmente superada.

Cipriano Luis Jimenez Casas.

da terra asoballada

A TECNICA DE VOTAR, SE SE VOTA

Estimada directora do semanario A NOSA TERRA: dirixome a vostede para ver de publicar este artigo na sección "a Terra Asoballada" ou onde vexan mellor; pra así chegar á opinión pública o que aquí tenciono contarlle.

Eu xa sei que tanto vostede coma o pobo galego cofecen de sobra aos caciques e tamén aos seus métodos de funcionamento para manter esta terra asoballada. De todos os xeitos, non está de máis o contarlles como é a "técnica de votar, se se vota", técnica esta utilizada a cotío polos acólitos de U.C.D. do axuntamento do Carballiño, co "placet" e apoio incondicional dos de CD, PSOE e UG. A cuestión é moi sinxela: non se debate nada, non se analiza nada, ningún deles dan razóns do que expoñen, o único importante é boicotear, desfacer e tentar por todos os xeitos posibles que se algo razonábel sal no pleno, quede borrado do mapa, e con eso tentar borrar aos dous nacionalistas (compañeiros e amigos meus) que representan alí, e ningún o pode negar pola súa práctica, os verdadeiros intruses do pobo. Para isto o que fan é votar sempre sen o mínimo debate nen razón por medio, pro moitas veces xa nen se vota o presentado, senón que se vota, se hai que votar.

O caso máis "gracioso" que fixo posíbel o divertimento e indignación dos veciños alí asistentes foi no último pleno, cando ante dúas mocións dos concellais nacionalistas, presentadas, razonadas e explicadas amplamente, unha vez rematadas ninguén abriu a boca para nada; os veciños íamos camiño de creer que por primeira vez na historia ía sair adiante unha proposta do Bloque, visto que ninguén obxetara nada. Con tal fixemos maxinación do que di "quen cala, outorga"; pois non, todos outorgaron, pro logo ao votar, votaron en contra da moción.

Os concellais nacionalistas teimaban a "barbarie" de que a Corporación se pronunciase a contra da central nuclear de Xove; os da Unión de Caciques Disfrazados dixeron que non se tiña capacidade para saber se as centrais nucleares eran boas ou malas, que habería que consultar con Inxenieros, técnicos... enténdidos na materia, o PSOE apoiou, como non, como sociolistas que son, á Unión...

O meu compañeiro e amigo Roberto, un dos concellais nacionalistas, tén con Xan Alfonso, o outro compañeiro, unha teoría; a min díxéronna cando saímos do derradeiro pleno: estes non son caciques, non ves que non razonan nada; o único que fan é erguer e baixar, erguer e baixar... son "Muñecos mecánicos".

Eu resposteilles que, ben pensado, era certo, pro máis certo é que na medida que lle apreten as torcas, un día pasaránselles de rosca, e daquela os monigotes mecánicos serán un morea desfeita de ferriños e arandelas.

Xulio Alvarez Crespo.
O CARBALLIÑO

INTELSA: PROSIGUE A ESCALADA DE EMPRESA

A xa abondosa problemática de INTELSA (Industria de Telecomunicacións da Coruña), especialmente en Instalacións, vese agora arrequedada co plan de "Rexionalización" proposto pola Empresa dun xeito individual, ou seña, prescindindo da representación legal dos traballadores. Esta "Rexionalización", que non abrangue á totalidade da plantilla, será selectiva (a Empresa, dadas unha serie de condicións "técnicas", pode escoller entre o personal solicitante) e implica a aceptación, por parte dos solicitantes, como condición imprescindible, da implantación dun sistema de Tempos mínimos ou Táboa de Rendemento.

Estamos asistindo en INTELSA a un proceso de **Regulación de Emprego**, que se está a facer de xeito raposoiro e aproveitando todas as posibilidades que ofrece a actual lexislación labo-

ral (despido técnico): através da degradación das condicións de traballo -sobre de todo en Instalacións-, e através da compra da rescisión do contrato de traballo (500.000 pts., máis a liquidación correspondente). Recén a Empresa vén de propoñer aos traballadores da subfactoría de Sabón a realización dunha serie de cursos de Graduado Escolar, para o personal que voluntariamente se apuntara, e que se impartirían fora do centro de traballo, feito que denunciou a sección sindical da I.N.G., á vez que alertou aos traballadores do perigo que para o seu posto de traballo supón o afán "culturalizador" da Empresa.

Así pois, do devandito, desprendese que a Regulación de Emprego en INTELSA toma distinta forma según en que departamento se produza: en Instalacións será a "Rexionalización" o cabalo de batalla, e en factoría os cursos de Graduado Escolar.

A Sección Sindical da I.N.G., que funciona preferentemente en Instalacións, levará adiante a súa loita en varios frentes:

Polo recoñecemento da propia Sección Sindical, hoxe vetada por unha cláusula do Convenio na que se exclúen dos dereitos sindicais ás centrais que non señan de ámbito estatal (a única central de ámbito non estatal é a nosa). Esta condición propúxoa pola Empresa, para a súa acepta-

ción, do texto proposto polo Comité de Empresa, formado por CC.OO., USO, CSUT, e UGT.

Contra a persecución sistematizada dos membros da Sección Sindical, en especial daqueles compañeiros máis combativos e preparados. Así, temos que se falamos de traballadores galegos **desterrados** polas súas creencias e ideoloxía, non estamos máis ca constatando unha realidade.

Contra a política sindical ambígua, en moitos casos, cando non colaboracionista e sempre claudicante, do sindicalismo español. Abonda dicir, neste senso, que CC.OO. pasou a todos os seus afiliados a consigna de que había que firmar a "Rexionalización" da Empresa. En Sabón (factoría), aínda que non se definiron claramente, nen a nivel de Comité, nen de Sección Sindical, xa están buscando Académias, Escolas, etc.

Aínda que a situación é grave, estamos seguros de que coa nosa forza de clase e coa xusteza das nosas posturas, conquistaremos avanzar, e demostrárolles aos compañeiros quen defende a cadaquén, e, por conseguinte, quen defende máis consecuentemente os intereses obxectivos dos traballadores, e moi especialmente dos traballadores galegos.

Sección Sindical de INTELSA da Intersindical Nacional Galega
A CORUÑA.

da arte e dos xeitos

POR FELIPE SENEN

OS SANTIÑOS ALDEANS

A creación do pobo esmérase no intre de facer e de adornar as imaxes dos santiños da súa parroquia, e aínda de calisqueir ermidá da devoción dosromeiros: San Roque, Madalenas, San Bieitos, Santiagos... Todos en madeira ou en granito ben traballado. Pero sen fuxir do éxtase ou da rexidez de estadea xa tan enxebre nas obras da arte do pobo, a súa ver herdadeira da escultura en pedra dos castros ou da sensibilidade Románica, sempre condicionada polo traballo da pedra dura de Galicia.

O realismo que non se conquista coas formas, percúrase co color, ca policromía a mans cheas: Meixelas bermellas de mazán outoniza, de fartura e de ledicia labrega, túnicas azuis ou verdes segundo cadesua simboloxía litúrxica, animalíños compañeiros ao pé dos santos milagreiros repre-



sentados: San Roque o can, San Bieito o Corvo, San Antón o seu

porquifío... e moitos máis así. Na cor viva e ricaz está a forza da expresión dos milleiros de santiños galegos. Imaxes gastadas polo fregar dos panos dos seus devotos, afumados polas lumieiras das velas e das mariposas dos ofrecidos, xordos polo arrular dos padrenuestriños e dos cánticos de moitos séculos de procesións. ¿Pero onde están eses santiños que enchian de arte e máis de luz as eirexas galegas?

Os santiños de pedra e de pau emigraron tamén, fixéronos fuxir as mans dos negociantes de antigüedades. Moitos párrocos despiadados deixaron marchar malvendidas grandes obras da arte popular. Coa teima de que "había que actualizarse" renegaron das imaxes amigas e trouxeron outras feitas en série que hasta lle sacan a piedade ao máis beato.

E velaí os nosos santiños

roubados, ulos nos almacéns, nas feiras dos anticuarios ou nos salóns dos coleccionistas que realizan o seu orgullo atesourizando imaxes roubadas ao pobo que as creou. Roubo que cada xornada fican en silencio, e se algunha vez sabemos deles é porque xa non había máis remedio: a xentiña pudo e as ringleiras saíron un día na prensa dando a noticia da desaparición do padroeiro da eirexa. Non foi un milagre, foi un roubo, mal que pese. Pecados así cométese tódos os días nas nosas parroquias.

Estas imaxes populares son da aparencia da Arte Románica. A súa tesa réxidez fainas clasificar erroneamente así, aínda que as máis delas pódense datar en diferentes épocas. Cécals o maior número seña do século XVII e XVIII, tempos do Barroco, cando as parroquias encargan aos tallistas carpinteiros modelos tira-

dos das grandes catedrais. Compostela volvía estar de moda na arte sacra: Pliegues retortos, cores rechamantes, pingas e fiadas de estofado en ouro que mesmamente lle dan aos santiños un aquilo de nobleza e de divinidad. Máis o que sempre será unha permanente na arte popular, como na arte infantil será a macrocefalia, esas grandes testas como bolas do mundo, centros de cavilacións. Santiños cabezudos e fartos, de guedellas rizas e queixadas a'estoupar que se axudan das mans para dar mellor senso de expresión: Dereitas, co libro, aceitando, abertas ao ceo... os santiños falan coa testa e coas mans. Éis unha fonte de inspiración na arte de hoxendia esa arte galega que fai universal o pintor de Lalín Laxeiro ou o escultor Baltar por decir tan só dous dos xenios que saben falarnos cos seus medios de que existe unha arte xenuinamente galega.

andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

NOTICIA DALGUNHOS SEDENTOS

Aínda hai pouco que me enterei da morte do Antonio. Apareceu, como un paxariño, nun portal do monfortino Campo da Compañía. Morreu xusto cando se lle rematou o paro obreiro. Era muradano de nación. Según él mesmo me confidenciou seu pai era portugués e súa nai era de Muros. O Antonio era canteiro de profesión ou pedreiro, como dicen os portugueses, con máis propiedade. Aparecera por esta cidade de Monforte de Lemos, cando se comenzaron, hai anos as obras de reforma do Campo da Compañía que aínda non se remataron. O Antonio logo se fixo popular en tódalas tabernas

da cidade. A súa sede era inmensa. E os seus monólogos non remataban nunca. Era un home de mediano altor, moi loiro e cos ollos extraordinariamente azules. Agora, dende a súa falta, as tabernas desta tribu na que habito semellan máis silandeiras e máis valeiras.

O Antonio seguía a tradición dos moirantes monfortinos e que vivían, non se sabe cómo nin de qué, no monte de San Vicente, maiormente na "Calle da Cruz" que, en tempos anterros, se chamaba "Rua Faladoira". Da lembranza das xentes xa se van esvaíndo os nomes do Xovito, do Gafo, do Cabezalho, do Gorrion, do Brubú ou do don Pepitó pois, ó ben visto, tiña a teima de facer agudas tódalas palabras, cualidade esta que cabreaba as beatas. Polo que contan don Pe-

pitó era un forofó de rosarios e novenas. Nos rezos comunitarios á súa voz erguíase sobor da dos "fieles":

- Padre nostré qué estás en los ciélos...

E así sempre.

Toda esta xente xan ten saído, nalgunhas ocasións, en letra formada. Cada ún destes persoaxes daría unha boa novela.

Mais recente é o Recho, sempre sedento de augardente, que pasou as de Caín e que apareceu morto nun portal. Os rapaces, cando o ollaban bébedo, que era sempre, facíanlle as do demo. Era fabulosa a súa capacidade pra embuchar augardente. O Recho semellaba unha dorna en outamar en día de trebón, non sei como se amañaba. O caso é que, por moito que escorara, nunca naufragaba.

Cáseque dos nosos días era o Varela, que vivía nas Casas Baratas e bebía onde houbera algo que mollara. Non podo informar en que traballaba porque nunca o ollei ocupado neso que a xente chama cousa de proveito. Sempre andaba polas rúas e cando non, polas tabernas. Onde alternaba moito era no "Bar Soto" que antes da guerra fora café cantante.

Neste café cantante xuntábase toda a vagancia exercente da preguerra. Xa se sabe que os estado nacional-católico-fascista barreus esas immoralidades. Da guerra pra eiquí o "Bar Soto" é un establecemento sano e moi moral. Néi sírvense cafeses, copas de augardente e os vasos de viño do país, que son de vidro groso, pois eiquí non se usan as cuncas. O caso foi que, hai xa anos, cando

aínda cobraban o vaso de viño a peseta, chegou o Varela ó "Bar Soto" e pediu un vaso. O Soto díxolle:

- Ceiba a peseta.

O Varela:

- Pon o vaso

E o coloquio seguiu así:

- Ceiba a peseta

- Pon o vaso

- Ceiba a peseta

- Pon o vaso

- Ceiba a peseta

O Varela xa canso pillou cara a porta do bar e berrou moi alporizado:

Neste povo, aínda que ún queira, non hai xeito de empeñarse.

E saíu todo cheo de razón.

Agora a xente via sendo doutro xeito. Os tipos pintorescos son máis tristes, máis gregarios e coído que tamén máis automaxinados. O mundo está cambiando.

arredor de nós

Por CHAIRA

AS AMEIXAS: UN DOS NOSOS RECURSOS MAREIROS

Dentro das especies de interés comercial que hai nas rias, as ameixas ocupan un lugar importante; son varias as especies que hai nas nosas augas, se ben imos falar somentes de dúas, que compreen diferenciar.

A ameixa fina (tamén chamada sana ou macho) *Venerupis decussata* ten a cuncha con estrias radiais finas, e outras concéntricas; presenta cor variábel, predominando as cores grises ou máis ou menos marelo, con manchas máis escuras, e vive na parte máis alta do nivel intermareal, quedando ao descuberto na baixamar


(péscase a pé), ten a cuncha relativamente forte pra se defender dos movementos do mar, e soportan mellor os cambios de salinidade o mesmo que os procesos de depuración, polo que é máis "dura", apreciándose máis por isto cara á súa comercialización, podendo botar ao mellor catros días fora da auga sen se abrir. Frente disto, a ameixa babosa ou fémia *Venerupis pullastra*, ten a cuncha coas estrias máis finas, cor máis mouro, e viven máis abaixo no nivel de marea (péscase máis ben dende embarcacións), presente unha talla media menor, e é máis abundante; frente ao que dixemos da fina, a babosa bota samente un par de días fora da auga sen se abrir.

Estas dúas especies non as podemos confundir por exemplo coa ameixa rúbia, *Venerupis*

rhomboides, de cor marela, castaño ou rosa, que está a máis profundidade polo que a súa pesca máis común é co can.

Teñen as dúas valvas articuladas por unha carnela dorsal e dispoñen dun pé musculoso para se enterraren, pois forman parte do bentos infaunal. Por iso dispoñen de dous sifóns por medio dos que ao intercambiar a auga levan a cabo a respiración, que é branquial, e máis o alimentación, como típicos filtradores micrófagos.

Son unisexuais, chegando á madurez a babosa ao ano de vida, sendo a posta de marzal a maio (no outono pódese dar unha segunda posta se as condicións ambientais son axeitadas); a fina presenta a primeira posta aos dous anos de vida, nos meses de



xullo a agosto. A fecundación dáse libremente na auga, nacendo

dos ovos unhas larvas de vida peláxica (nadan entre augas); despois deste período de vida peláxica (no laboratorio dura de vinte a trinta días, ou algo máis na fina), rematan indo para o fondo pasando a levar xa unha vida bentónica.

O crecemento non se da por igual nas dúas especies; na ameixa fina hai dúas etapas, na primavera, vran e metade do outono é o crecemento propiamente dito, e na segunda metade de outono e no inverno é repouso, polo que cáseque non medra. En contras a ameixa babosa medra axiña de abril a xullo, e de agosto a marzal o crecemento é lento.

Hoxendia debido á sobrepesca e outros factores, é un recurso máis que está en regresión, frente do que urxe unha planificación na súa explotación.

MUSICA

RECORDATORI PER A VICTORIA (1)

A tradición belcantista que invade o século XX a traveso do verismo vai perxudicar de moitos xeitos a música vocal que non queda engadida nesa tradición. Unha das consecuencias da apertura de posibilidades da música de vangarda é orientar a atención cara outros aspectos da voz; isto xunto co desenrolo da musicología e da etnoloxía vai revalorizar os recitais de canto acompañado -lied- que até hai ben pouco eran menospreciados como xénero menor. Catro artistas dotados de excepcionais facultades e sensibilidade envexábel van posibilitar na década dos sesenta o "lanzamento" internacional do "lied". Refírome ás sopranos Elisabeth Schwärzkopf e Victoria des Angels, ao barítono Dietrich Fischer-Dieskau e ao pianista Gerald Moore. Os catro atoparon no selo Emi o eco necesario e amosaron ao público discoadicto as inmensas posibilidades expresivas da canción conseguindo crear unha técnica específica e distinta da esixida na escea.

A catalana Victoria des Angels é unha desas cantantes absolutamente excepcionais que conxuntan un instrumento ideal pola cor e amplitude cunha técnica

impecábel en emisión, articulación, "pase", afinación, vocalización... e cunha sensibilidade e intelixencia únicas. Asistir a un recital de Victoria era unha experiencia inolvidábel polo emocionante, cada canción adequiría unha sonoridade e unha configuración absolutamente propia; a comunicación co auditor achegábase a plenitude e a mais intrascendente das pezas parecía unha xoia. O seu repertorio, amplísimo, engadía Monteverdi e os



operistas veneciáns, os liederistas románticos, as Cantigas de Alfonso X, os nacionalistas, os folk-songs... Lembro a súa última actuación coruñesa, no templo de San Xurxo, xa no declive vocal cando foi capaz de poñernos en pé no mais grande dos entusiasmos logo dunha portentosa interpretación da "Nana" de Falla.

Nesta gravación tomada dunha actuación no 1964 no Royal Festival Hall, amosa unha Victoria pletórica de facultades nun recital de 21 cancións que son unha axeitada selección do seu repertorio. Se alguén dudara da súa musicalidade, bastalle con escoitar a canción sefardi "Una matita de ruda" para converterse nun fans dela, o humorismo do "Vergebliches Ständchen" de Brahms,

a forza da "Jota" de Falla, o lirismo do tradicional "Blow the wind southerly", a intranscendencia transfigurada do "Clavelitos", son testemuñas da extraordinaria versatilidade musical dunha das mais grandes cantantes da era fonográfica. Outro parámetro admirábel é a pronunciación perfectamente nítida en calquer idioma e a utilización da fonética de cada lingua. O acompañamento de Gerald Moore é, como sempre o foi, o dióneo para cada partitura sumando a atención cuidada á voz sen renuncia á propia creación. Remata o disco cunha nota curiosa do pianista interpretando o "Adios Granada" con rasgueados dentro da caixa do piano nunha imitación da guitarra.

As notas de Franck Granville Barker, escritas dende a devoción por Victoria son de interés. A grabación é moi correcta e o prensado excelente.

Resumindo, un fermosísimo disco absolutamente recomendábel para escoitalo unha e outra vez sin cansarse. Unha xoia.

Xoan M. Carreira

(1) Recital de Victoria des Angels no Royal Festival Hall (1964) acompañada por Gerald Moore. 21 Lieds de Monteverdi, Haendel, Schubert, Brahms, Vaughan-Williams, Rodrigo, Nin, Montsalvatge, Falla, Valverde e Cancións populares anglosaxonas, andaluzas e sefardís. EMI-ODEON C 063-003458 Interpretación: -10 Sonido: -8 Interés: Altísimo.

consecuencia da falla de salubridade no seu traballo na fábrica e Nullo asesina ao patrón da fábrica.

Se ben en ocasións pode parecer que a trama argumental resulta forzada para enlazar con este final delictivo, o que interesa destacar é a plasmación das diferentes contradicións económicas e socioculturais que enfrentan ao proletariado do N. co proletariado emigrante do Sur. Os traballadores sicilianos emigrados aparecen como un todo segregado e desarraigado con respecto aos seus compañeiros do Norte. O fanatismo relixioso -reflexo dunha diferente situación sociocultural- e a miseria en que sobrevive a familia siciliana contrasta co aparente progresismo dos do Norte e o séu, relativamente, maior nivel de vida.

Progresismo que se ve contestado cando o protagonista Nullo (personaxe co que mellor se identifica o espectador), acusa aos membros da súa propia familia de "racistas" cos seus compañeiros do Sur.

Outro aspecto a destacar sería a dimensión "ecolóxica" do film: a denuncia dun "medio ambiente" degradado e contaminado, o homicidio legal da Fábrica (e do seu suxeto, o Poder).

En conxunto, Comencini recolle e utiliza as diversas correntes xa tradicionais, no cine italiano: o cine político ou drama social, o melodrama, a comedia costumbrista, e fai unha persoal fusión das mesmas cuns resultados populares e personalmente penso que tamén eficaces.

LOVAL 6-1-80

FICHA TECNICA-ARTISTICA: Director: Luigi Comencini. Guión: Ugo Pirro, Luigi Comencini. Fotografía: Luigi Kuveiller. Música: Carlo Rustichelli. Interpretación: Stefania Sandralli, Giuliano Gemma, etc... Italia, 1974.

CINE

"DELITO DE AMOR"

Neste film que o seu director define como "ecolóxico-político", Luigi Comencini contanos unha historia simple, anque chea de múltiples ingredientes: unha obreira de orixe siciliano, Carmela Santoro, namórase dun obreiro do N.: Nullo Bronzi, que traballa na súa mesma fábrica, en Milán. No seu peculiar "noviazgo" plantéxanse unha serie de enfrentamentos entre os protagonistas polas súas distintas concepcións sociais e mesmo relixiosas: Nullo é un mozo obreiro, que pertence ao PCI, cunhas convicións un pouco ácratas respecto aos prexuízos sociais e relixiosos que arrastra Carmela, pois ésta pertence a unha familia emigrante, forzada a desplazarse a Milán pola falla de industria e de traballo na súa terra, e sobre de todo moi celosa en gardar as súas peculiares tradicións e costumes. Ao remate, Carmela morre como

AXENDA

CINE


Xente mesturada. G. Lamprecht. Expresionismo alemán. 1926. Día 22.

LAlibi. P. Chenal. Ciclo Frente Popular Francés. 1938. Día 23. As dúas no Cine-club "Padre Feijóo". Casa da Cultura, Rúa do Concello-13. Ourense. 8 da tarde.

ARTE



cinema en el expreso de oriente



17 jornadas de cultura húngara

Antonio Fernández Reboiro. Cartel de cine. Deica o 30 de xaneiro. Galería Sargadelos. Calle Zurbano-46. Madrid.

Cuco Rei. Esculturas. Súa de Mostrad da Diputación. Lugo.

Manuel Montero. Pintor autodidacta. Editora Nacional. Madrid. Do 20 de xaneiro ao 1 de febreiro.

Alfonso Sucasas. Pinturas. Deica o 31 de xaneiro. Galería Sargadelos. Barcelona.

Capán, Lila e Catamalca. Acuarelas e dibuxos. Deica o 8 de febreiro. "O Paradiso Perdido". San. Paio de Antelares. Santiago.

Garázabal. Pinturas. Deica o 19 de xaneiro. Galería Citania. Santiago.

ACTOS

1 Jornadas de Cultura Húngara na Coruña.

VERNES' 18 DE XANEIRO.-

Cortometraxes húngaros: "Castelo de Buda", "Pastoreo húngaro", "Cara ao bordado", "Galería Nacional Húngara". No Salón da Caixa de Aforros ou na Delegación do Ministerio de Cultura.

Luns, 21 de xaneiro. 7,30 horas. Conferencia de Fausto Roca sobre "La música y la enseñanza del famoso compositor Zoltan Kodaly", con ilustracións musicais e diapositivas. No Salón de Actos da Caixa de Aforros. O mesmo luns, proxección de cortometraxes: "Tatá, tesoros de una pequeña ciudad", "Baile de los húsares y gitanos", "150 años de la fábrica de porcelana de Herende", e "Balatón". No Salón de Actos da Caixa de Aforros.

TEATRO

O conto dos cinco camiñantes. Días 17, 18, 19 e 21, ás 8 e meia, na Aula do Teatro da Delegación de Cultura, na Praza de Pontevedra. Grupo Tespis. A Coruña.

DISCO DA SEMAN

Georg Friedrich Haendel.- ODA PARA O CABODANO DA RAÍNA ANA. TRES HIMNOS PARA A CORONACION DE GEORGE II.- Solistas do Deller Consort. Coro e Orquesta de Concertos de Orinna. Director Alfred Deller.- Vanguard-Hispavox.- S 60.318.- Sonido.- 8. Interpretación.- 9. Interés.- Outo. O xenio de Deller presenta nesta ocasión dúas pezas "de oficio" de Haendel. Coñecido é de

sobras o talento do compositor capaz de transformar en obras importantes as cerimoniais, o que xa era certo na etapa preinglesa como amosa este disco. Producción de gran atractivo.

Franz Schubert.- ROSAMUNDA Ileana Cotrubas, soprano. Staatskapelle Dresden & Leipzig Radio Chorus. Dtor.-Willi Boskovsky. Emi-Odeón C 065-002 994. O selo inglés parece ter unha simpatía especial polo primeiro violín da Orquesta Vienesa e nesta ocasión esta simpatía parece ter fortes razóns musicais. A versión da música incidental de Schubert é un acerto, Cotrubas canta magnificamente: O que se chama unha produción xeitosa.

Johann Sebastian Bach.- Cantata Actus Tragicus BWV 106. Georg Philipp Telemann.- Cantata Fúnebre. Elly Ameling, Muren Laberne, Kurtz Equiluz, Barty MacDaniel. Coro da Catedral de Aquisgrán. Collegium Aureum. Director.-Rudolf Pohl. Harmonia Mundi C 065-099 751. Volve ao catálogo hispánico un dos discos mais fermosos do período 68-70 de Harmonia Mundi xermana: Elly Ameling canta co-

mo nunca. Sumamente recomendábel.



MOSTRAS

Primeira Mostra de Instrumentos Artesanales Galegos. Organizada en colaboración pola Universidade de Santiago e máis o Ministerio de Cultura. Deica o 31 de xaneiro na Súa de Mostras do Ministerio de Cultura. Santiago. Artesanía popular galega (lencería de Camariñas, Barro...). Deica o 6 de febreiro. Galería "Castro". Tabernas-4-baixo. A Coruña.

curso de língua

OBSERVACIONES SOBRE O GALEGO

En relación co que Maria Mercè Marçal di "Sobre o 'valencià' na última A NOSA TERRA (núm.84, p.13), penso que as semellanzas de situacións condicionantes do galego-portugués na Galiza e do catalán no País Valencià son quase evidentes. É lástima que na Galiza non existan xentes sábias coa mesma claridade mental e limpeza de intereses como no País Valencià. Sobre o tema deve-se observar o seguinte:

1. O "valencià" é variedade do catalán como o galego é variedade do galego-portugués e, iatenzón!, como o andaluz é variedade do español (non quero saír da península).

2. Pode-se afirmar a priori que os criterios que se empregan para dicir que o andaluz é variedade do español serven para confirmar a unidade lingüística de "valencià" e catalán e de galego e portugués. Utilízen-se e comprobara-se.

3. De igual xeito, os criterios que algúns empregan para dicir que o "valencià" é lingua diferente do catalán e, asemade (son da mesma naiada), que o galego é lingua diferente do portugués, poden-se utilizar para defender que o andaluz é lingua diferente do español (sen saír da península).

4. E cuestión de saber discernir. E se se ten capacidade e leves coñecimentos, distinguirase entre o (cultural) lingüístico (sistemático ou extrasistemático, segundo di E. Coseriu) e o non lingüístico (política e intereses económicos, sobretudo); entre a comunicación falada (diferenciada aínda nas linguas máis uniformes).

5. Polo que atinxe ao galego, penso que urxe, xa sabemos que é necesario, actuar no sentido que se implica no comentario de A. Veiga (veixa-se "O currunchio do leitor" desta mesma A NOSA TERRA p.18): "Pola identidade lingüística (e cultural) de galego e portugués, moitos dos problemas referentes a estes campos teñen solucións comúns", "que para nada afectan a peculiar idiosincrasia do noso idioma nacional" (son varie-

dades idiomáticas de fala mais que de escrita)".

6. ¿Podería A NOSA TERRA recordar aos lectores a liña de pensamento e acción que sen dúbida ten neste respeito?

A. GIL HERNANDEZ

O IDIOMA EN A NOSA TERRA

A carta que enviá a A NOSA TERRA A. Gil Hernández e que encabeza este comentario vainos servir de pretexto para facer unha pequena recapitulación dos artigos -ou de parte deles- que sobre os temas que apunta o comunicante houbo nestes dous anos de vida de A NOSA TERRA.

Xa no núm. 0 (2 Nadal 77), o profesor Carballo Calero indicaba nunha entrevista que "a normativización; contra do que cre moita xente, está fundamentalmente conseguida, xa que as diferencias prácticas de tipo ortográfico ou morfolóxico que se dan entre os escritores son hoxe mínimas e nun futuro próximo poden converterse en inexistentes". "Por outra parte -engade Carballo- eu tampouco son partidario dun dogmatismo legal en materia idiomática que nos impuxera a dictadura de calquera institución ou persoa". O profesor Carballo suliña tamén que "en fin de contas ha de ser o mesmo uso o que determine a nivelación definitiva".

No núm. 11 (7-13 abril 78), a profesora Pilar Vázquez Cuesta puntualiza que "...non tendemos á unidade; senón a diferenciar normas lingüísticas paralelas e que realmente permitan que non haxa unha separación social en contraste coa unidade xeográfica". "...en toda a Edade Média -continua- houbo unha literatura importante sen unificación de linguas e ortografías, porque, ao remate, o pobo escolle unhas formas determinadas e non habendo problemas de comprensión, como non hai no caso do galego, non hai que forzar a unidade". Precisa tamén como a cooficialidade conduce a legalizar o asoballamento da lingua en desventaxa, á que se lle dezan uns poucos dereitos no seu país e ningún dereito fora, en tanto que a lingua forte ten todos os dereitos no seu territorio propio e moitos dereitos no outro territorio. A cooficialidade vai contra o galego".

No núm. 17 (19-25 Maio 78), Manuel Miragaia, en "Carta aberta a Rodrigues Lapa", expresa o seu temor de que o galego chegue a ser un "dialecto do castelán" e invoca a axuda de Portugal para que Galicia volva por si e recupere toda a súa personalidade". Insiste na necesidade dun incremento de relacións culturais entre as dúas nacións que "non só vai permitir o salvamento da (cultural) galega, senón tamén vai facer posíbel unha meirande conexión entre os nosos dous pobos". Postula unha normativización do galego "baseándose no que é o portugués" como pri-

meiro paso para esta relación, sobre todo "para que haxa un maior contacto na cultura impresa".

No núm. 22 (23-29 Xuño 78), Dario Xoán Cabana, en artigo titulado "O lusitanismo": enfermidade infantil do nacionalismo", crítica o plantexamento do profesor Rodrigues Lapa, no sentido de considerar o portugués actual como o galego literario", frente á "Lingua vulgar", que sería o galego popular de Galicia. Para o escritor D.X. Cabana "esta teima lusitanista xurde da incapacidade de comprender o feito nacional... reducindo a custión a un problema estreitamente culturalista". Cabana remata afirmando que "Portugal é outra nación, coa que temos ademais un pasado cultural común, e con todas as nacións do mundo temos que relacionarnos en pé de igualdade pró cal cómprensos acelerar o proceso que vai levar á autodeterminación e á constitución dunha Galícia Ceibe e Popular".

No núm. 24 (7-13 Xullo 78), Xosé María Monterroso Devesa replica a Dario Xoán Cabana e reivindica para si o título de lusista, pertencente aos que "sóio arelamos que non desaparezan os derradeiros fios que maiormente nos vencellan con certos portugueses". "Loitamos -continua Monterroso Devesa- non por unha invención artificial e elitista desde arriba, alentada por un suposto 'gran patriarca', senón por unha simple normativización ortográfica". O articulista confía en que "co inminente ensino oficial da nosa lingua nacional, as condicións obxectivas serán diametralmente opostas", e aposta por "unha confederación de nacións-estados ceibes no seo dunha península", fórmula que garantiría a independencia das "nacións territoriais cativas".

No núm. 27 (31 Agosto- 7 Setembro 78), o profesor e ensaista portugués Manuel Rodrigues Lapa, que xa ten demostrado desde hai moitos anos o seu cariño e preocupación polas cousas da nosa nación -especialmente pola nosa lingua- insiste en "Resposta aberta a M. Miragaia" nas suas coñecidas teses sobre o noso idioma: o profesor portugués coloca a salvación do galego na máxima aproximación ao portugués literario actual, que sería segundo o profesor, a forma que tería o galego "se o nao tivesen desviado do camiño propio". Así se debe forxar "progressiva mas aceleradamente a lingua de cultura indispensable á Galiza". Deste xeito, ingresaríamos nunha comunidade de falantes que, dentro de 50 ano, sería de 400 millóns de falantes, o que aseguraría a pervivencia e a universalidade do noso idioma.

No núm. 28 (2-15 Setembro 78), Xosé Ramón Pena resume a xénese do galego-portugués na Edade Média e pensa que "non se trata (hoxe) de inventar nada; senón de recoller e dar categorización á unicón... da historia e da realidade de Galiza". Concluí que "Normativización e normativización non son dúas cousas contrapostas. Nen se pode normativizar sen normalizar nen normalizar sen normativizar".

Este pequeno percorrido por diferentes opinións sobre o tema da normativización do noso idioma que acabamos de facer é demostrativo do interés e da acollida que dispensou A NOSA TERRA a cantas aportacións se fixeron desde distintas ópticas. Non cremos que A NOSA TERRA, como semanario de información xeral que é -polo tanto, non especializado nunha temática en concreto, senón preocupado por informar "con rigor, simpatía e posicións críticas dos feitos que se relacionan co noso pobo", como se afirmaba no núm. 0 teña que se definir necesariamente sobre estes aspectos. A NOSA TERRA si ten, en cambio, unha liña de pensamento e acción clara (como pede o comunicante) sobre o que representa o idioma no presente e no futuro da nosa nación e as suas páxinas teñen acollido tamén en numerosas ocasións colaboración sobre as ameazas reais que padece a nosa lingua, o seu tratamento na Constitución española, o Decreto de Bilingüismo, a normalización do noso idioma no ensino, etc. A eles remitimos a calquera lector interesado (1).

O comunicante cita a polémica do catalán/"valencià" para ilustrar o que ocorre na nosa nación co tema galego/portugués. Nos pensamos efectivamente que o "valencià" está sendo utilizado precisamente polos inimigos do catalán e polos empeñados na ruptura da unidade esencial da lingua catalana. Trátase do típico desprazamento da contradición para distraer a atención do conflito verdadeiro: trátase de enfrentar catalán versus valenciano en lugar do conflito real catalán versus español, como xa apuntaba Mercè Marçal na súa crónica dos Países Catalanes. Neste sentido vai tamén a denuncia do Decreto de Bilingüismo imposto a Valéncia, que desmembra a lingua catalana e que a reduce, como no noso caso, a unha mera asignatura optativa na programación do ensino. Do que se trata, en definitiva, é de montar cantas operacións sexan precisas para atentar contra a unidade nacional dos Países Catalanes.

No que disintimos co comunicante é no que di sobre as "xentes sábias" que existen no "País Valencià" e é "lástima" que non existan no noso. Moi polo contrario, cremos que na nosa nación hai mentes moi claras que teñan analizado e interpretado lúcida e certamente o problema da lingua, e tamén -o que é máis importante aínda- que hai unha práctica popular, coherente e firme (unilingüe, por tanto) do noso idioma en moitos frentes diferentes. Descoñecemos os avances reais que se teñan dado en Valéncia a prol da normalización do catalán, pero nos os que se deron e se dan en Galicia e, insistimos, nen pola teoría nen pola práctica, temos envexa de ningún tipo... O que compre é avanzarmos polo camiño xa iniciado.

Vaiamos agora coa nosa opinión sobre a cuestión do galego e o portugués, que, aínda que conscientes de que merecería un tratamento máis longo, resumimos nos

seguintes puntos:

1. Xeneticamente, galego e portugués son a mesma lingua. Desde a formación do primitivo romance galego-portugués e ao longo de toda a Edade Média, a lingua falada "aquem e alem do Minho" era a mesma. Xustamente hai bifurcación lingüística cando a nosa nación comeza a ser vítima da política colonial española, que empeza a surtir os seus efectos lenta pero eficazmente, mentras Portugal, anque con altibaixos, continúa a ser reino independente e, consecuentemente, a súa lingua normal.

2. Hoxe, e tendo en conta o anterior, o portugués actual é unha moí valiosa axuda á hora de dotar ao noso idioma do vocabulario técnico e científico que pola súa historia non desenvolveu e, mesmo, á hora de percurar solucións ortográficas e morfolóxicas.

3. Agora ben, poñer no portugués a táboa de salvación do galego é falso, porque supón esquivar que o galego, como tal idioma de Galicia, vai seguir a mesma traxectoria desta. Crear unha "lingua cultural" homologada coas outras linguas europeas oficiais, se non se consegue facer o noso idioma necesario en todos os contextos sociais de Galicia, pode ter moito de boas intencións, mais non solucionar os problemas presentes que ten a lingua nen aseguraría a súa existencia futura. A mesma noción en se de "lingua de cultura" é falsa, pois como recoñece o mesmo Rodrigues Lapa: "Há mais de cem anos que se escreve galego na Galiza, e isto lle basta para acreditar que ele serve para todos os empregos duma lingua de civilização" (2). Se isto é así, se xa está demostrada dabondo a "aptitude" do noso idioma para tarefas científicas e literarias, compre seguir camiñando polo mesmo vello, isto é, normalizalo en todos os ámbitos, darlle carta de naturalidade ao uso do noso idioma en todas as situacións e en todas as funcións.

4. Non esquivemos a importancia que tanto hoxe como no futuro teñen as relacións culturais entre as dúas nacións, que, desde logo, deben incrementarse, precisamente por todo ese pasado histórico compartido e aínda polos lazos comúns que hoxe nos unen, mais sempre na perspectiva de considerar a cultura como algo vivo e operante socialmente e como expresión dos avances logrados no camiño da nosa liberación. Se non é así, caemos en enfoques culturalistas, que nada remédian.

5. Finalmente, queremos poñer o acento máis unha vez no que cremos que é alternativa real á situación actual do noso idioma: a súa normalización total, no camiño da súa oficialización, que ha conseguir un Goberno Galego Popular. Eis a meta e eis o proceso.

(1) No núm. 88, pódese ver o índice de traballos publicados sobre o idioma e máis sobre o ensino ao longo destes dous últimos anos.

(2) Dun artigo publicado en 1975 e recollido no libro Estudos Galego-Portugueses, col. Noroeste de Sá da Costa editora, Lisboa, 1979.

PASA TEMPOS

CARALLO

SOLUCIÓNS AOS XEROGLIFICOS DOS NUMS. 88 E 89

— Despois de Nadal, (despois de nada L).
— Éne grande.
— Encol do armario. (En col Do/Arma/rio).
— Galego nomáis. (Ga/legón/A Imáis).

¿CÁNDO CHE FEDE A BOCA?

ANUNCIOS DE BALDE

Comuna baixo o nome de "Cooperativa Agrícola Ganadera". Terros mercados. Aforramos para casa, animais, infraestrutura e autofornecemento. Fáltanos algo e alguén. 500.000 pts. de aportación. Mandáremosche os proxectos por 150 pts. de gastos de fotocópias e remesa. Non visitas. Pilar, Ignasi, Javier. C/Valéncia-619-7-3. Barcelona-26.

Resposta a Fernando Almuiña: o noso semanario non está para publicar escritos calumniosos nen libelos. Escriba a "La Voz de Galicia", que é o seu sitio. A NOSA TERRA.

Estaría interesado en mercar caixa, timbal, bombo con pedal e CHASON tamén con pedal. Todo se non pasa das 50.000 pts. Remixio Avendaño Novás. San Páuli. Rosal Frolido-46.t. 179568 - 227970. Vigo

O SEMEITEIRA

Programa da a.c. avante do Carballiño, todos os domingos ás 13,15 dende radio popular de ourense



A NOSA TERRA

CONSELLOS PRA CAMBIAR NOMES DE RUAS

DARIO XOHAN CABANA



XULIO MASIDE

Algunhas corporacións municipás da nosa Terra xa aprobaron ou están pra aprobar os cambeos de nome das ruas. Outras moitas, desgraciadamente maioría, non teñen ningunha intención de facelo. Depende da correlación de forzas, da presenza institucional do nacionalismo popular, e tamén quizaves doutro factor importante: o degra do desexo de lavar a cara dalguns representantes de partidos que, nun principio, teñen moito máis en común cos vellos titulares ca cos novos.

Entendo que o dereito de ter nomes galegos, nomes de nós, nas ruas e prazas, é igual de importante ca restaurar os topónimos bárbaramente deturpados, dos que a recuperación vai tan lenta. Quero traxer aquí, a grandes rasgos, como penso que se debe entender na práctica esta galeguización, nunha cidade, poñamos por caso a de Lugo.

En primeiro lugar, na cidade vella existen uns nomes históricos, tradicións, moitos dos cales sobreviven no dicir da xente. Algunhas destas ruas, con mellor intención ca tino, foron rebautizadas mesmo con nomes ilustres, ben merecentes doutra rua que non tivera antes nome. En Lugo temos por exemplo a tradicional Rúa dos Batitales, co nome oficial do doutor Xan Francisco de Castro, ilustrado lugués propulsor da "Sociedade de Amigos do País".

Entendo que nun caos coma este, cómpre restaurar sen dó o nome histórico, trasladando o homenaxe é doutor Castro a outra de máis nova apertura. Mais neste caso temos aínda unha complicación: moitos lugueses chámanlle a esta rua "das Dulcerías", polas varias que hai actualmente. Cun criterio superpopulista, poderíamos caer en oficializarlle este nome, rachando así unha historia secular.

Deste xeito deberemos facer coas demais: unha "Plaza de España" que pasará a Praza Maior, unha "Calle de José Antonio" que se converte en Rúa do Progreso. E sempre sen esquecer a rotulación axeitada, que é se cadra o máis fundamental: que seña en galego. Non é o mesmo "Plaza del Campo" e Praza do Campo, nén o espantoso híbrido "Ruanueva" equival a Rúa Nova.

Pra substituír nomes fascistas, españolizadores ou sim-

plamente ridículos -a "calle de las Hermanitas" non é un evento meu- cómpre acudir á nosa historia, á historia de Galicia e tamén á pequena historia da localidade. Nomes coma os Irmandiños, Castelao, Bóveda, Rosalía, Pondal, os mártires de Carral, Pascual Veiga, deben ser honrados en todas as cidades e vilas. E tamén deben homenaxearse os fillos ilustres de cada unha, anque carezas dunha transcendencia galega. Nomes coma o de Xan Francisco de Castro que antes dixeran, serán dubidosamente coñecidos fóra de Lugo, pero forman parte da vida luguesa e teñen un significado pra unha comunidade. E en plan de case revancha e xusto castigo por corenta anos co "18 de Julio" astra nas pagas estras -sacralización do asesinato, do "paseo", da reacción, do españolismo máis feroz e imperial- cadra ben o 25 de xulio, día hoxe da esperanza da Patria Galega.

Polo que coñezo, onde a loita é máis difícil é na cuestión das "Plazas de España" e nas ruas dedicadas ó dictador. De dereitas e de esquerdas coinciden no "patriotismo" español alienado e insultante, e ceiban preciosos argumentos sobre "varias nacionalidades -ou rexións- e unha nación". Ou seña, o cántigo eterno da unidade sacra da rica diversidade.

Asemade, e esto a cargo máis ben só do españolismo de dereitas, argúmentase que Francisco Franco forma parte da Historia que non se pode borrar, etc. E certo e ningún o nega, e máis non oustante a ningún se lle ocorre defender nomes de ruas pra persoaxes tan históricos coma Hitler, Atila, Don Oppas, Pepe Botella ou Jack o Destripador.

Moitos argumentos hai, porén, ben contrarios a calquera cambio. Cámaras de Comercio ou Sindicatos patronais argumentan o alto custo do novo papel timbrado -coma se o encargaran en remesas pra vinte anos-.

O certo é que os seus representantes nos axuntamentos traiciónanos, ás veces, en nome da demagogia e do voto. Tamén é ben chocante ás veces a división de papés dos partidos da dereita tradicional, uns a favor e outros en contra do cambio, pra recoller en entre ambos o electorado que pode ter as dúas opinións. E moitas veces emprégase o argumento do custo das placas, como se a digni-

dade dun pobo se puidese tasar, ou potenciase un nihilismo de "se se deixaran de caralladas e arranxaran os balicates".

A esquerda española, mentras tanto, non deixa de arrimar o lombo: ora propoñerá unha plaza pra Constitución española ou pra autonomía, ou mesmo a substitución de Franco polo Borbón, mucha cerimonia de "cambio, pero dentro dun orde" de democracia española. E pra deixar constancia da súa condición civilizada, pretenderá o nome de Avenida da Cultura pra unha que mellor lle cadraría o nome dos Irmandiños ou outro que fose unha bandeira de galeguidade, de orgullo nacional.

Nos días de hoxe, dá noxo andar por unha cidade galega mirando prós rótulos das ruas: un pode pensar que está en Guadalajara ou en Sevilla. Todo o máis, coma un pequeno toque de pintoresquismo, media ducia de nomes de poetas rotulados en español. Por eso, o día que as ruas e prazas que habitamos e andamos se chaman Praza Maior, Avenida dos Irmandiños, Rúa dos Batitales, Calaxón do Rei García de Galicia, afirmáronos como galegos, coma xentes de nós con nomes propios. E a todo aquel que veña de fóra, a rotulación da cidade estará lle dicindo: "non todo o que chaman España é España. Nun recanto do Noroeste da Península Ibérica, os mapas de Europa teñen a mesma cor, pero hai unha nación de seu, cun idioma diferente, cunha historia distinta, unha nación que se chama Galicia". Paga, pois, a pena.

E pra rematar, faría dúas observacións utilizables. En primeiro lugar, todo o mundo sabe a tremenda campaña que se armou contra un axuntamento basco que quitou dunha rua o nome de Cervantes. Os galegos, que tamén temos algo contra este neto desleigado que falou mal dos abós, o que podemos facer é diluílo dándolle importantes ruas e non calles, eso si: a Camoes, a Shakespeare, o Dante e a Dostoievski. De estranxeiro a estranxeiro, o seu contido imperial quedaría diluído.

E a segunda: se a dereita española terquea en conservar o nome do Dictador, xa verán canto tarda o pobo en empezar a chamarlle a "rua do merdán", ou outro semellante. Síntoo polos que nela viven.